

Disposición derradeira terceira. *Habilitación ó Goberno.*

1. Autorízase o Goberno para dicta-las disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución da presente lei.

2. No prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, o ministro de Fomento elevaralle ó Consello de Ministros, para a súa aprobación mediante real decreto, o proxecto de Regulamento de prestación dos servizos postais. Este regulamento recollerá as normas de carácter regulamentario vixentes ata a entrada en vigor desta lei no que non se opoñan ó establecido nela.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial do Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 13 de xullo de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

16714 *LEI 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público. («BOE» 167, do 14-7-1998.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sentenza do Tribunal Constitucional 185/1995, do 14 de decembro, declarou a inconstitucionalidade dos parágrafos a) e b) do artigo 24 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, así como de certas expresións contidas no parágrafo c) dese artigo, cos efectos que se indican no fundamento décimo da propia sentenza.

Para o Tribunal Constitucional, a categoría dos prezos públicos, tal e como se regulan pola Lei 8/1989, do 13 de abril, deben cumprir simultaneamente dous requisitos: que o suposto de feito que dea lugar a eles se realice en forma libre e espontánea ou, o que é o mesmo, que a solicitude do servizo ou da actividade administrativa sexa unha manifestación real e efectiva de vontade por parte do interesado e que o dito servizo ou actividade non sexa prestado polos entes de dereito público en situación de monopolio de feito ou de dereito.

De non concorreren ámbalas circunstancias, tales prezos públicos, en canto que son coactivos para os interesados, revisten a natureza de prestacións patrimoniais de carácter público, e a súa constitucionalidade depende do respecto ó principio de legalidade.

Considerando non concorrentes tales caracteres delimitadores nos prezos públicos previstos na Lei de taxas e prezos públicos pola utilización privativa ou polo aproveitamento especial do dominio público, así como polas prestacións de servizos e entregas de bens accesorias a elas, efectuadas polos servizos públicos postais, o Tri-

bunal Constitucional conclúe que ámbolos prezos públicos, en canto tales, vulneran o principio de reserva de lei e, xa que logo, declara a súa inconstitucionalidade. Esta declaración de inconstitucionalidade atinxe todos aqueles outros prezos públicos que non reúnan de forma simultánea as dúas características delimitadoras antes sinaladas.

O Real decreto-lei 2/1996, do 26 de xaneiro, en función das consideracións anteriores, dotou de cobertura legal, con carácter inmediato e provisional, a aqueles prezos públicos que, nados ó abeiro da Lei 8/1989 e afectados pola sentenza do Tribunal Constitucional, se debían configurar como prestacións patrimoniais de carácter público.

Así mesmo, o Goberno, no prazo de seis meses, debía-lles remitir ás Cortes o correspondente proxecto de Lei de reordenación da regulación das prestacións patrimoniais afectadas pola sentenza do Tribunal Constitucional, prazo que quedou prorrogado polo Real decreto-lei 7/1996, do 7 de xuño, sobre medidas urxentes de carácter fiscal e de fomento e liberalización da actividade económica.

Con posterioridade, a Lei orgánica 3/1996, do 27 de decembro, de modificación parcial da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, achegou un novo concepto de taxa no ámbito de actuación destas, ó cal se debe adapta-la propia Lei de taxas e prezos públicos e a Lei xeral tributaria, con obxecto de coordina-la actuación das distintas administracións públicas.

Como consecuencia da nova definición de taxa que se establece na presente lei e da doutrina do Tribunal Constitucional en canto ó principio de reserva de lei en materia tributaria, débese proceder a reordenar e a regular as diferentes prestacións patrimoniais de carácter público que actualmente veñen xestionando a Administración xeral do Estado e os seus entes públicos, configurando os elementos esenciais da súa, en ocasións, nova e, noutras, recuperada natureza xurídica de taxa e iso sen prexuízo, consonte a doutrina citada e as peculiaridades deste tipo de tributos, de que a lei conteña remisións a normas regulamentarias infraordenadas ós criterios ou límites prefixados na propia lei.

Por último, a presente lei aborda tamén unha solución idéntica no ámbito das facendas locais, xa que se ben a sentenza 185/1995, do 14 de decembro, se circunscribe ó contido da Lei 8/1989 en materia de prezos públicos establecidos pola Administración estatal, sen ningún pronunciamento respecto á normativa vixente sobre prezos públicos locais recollida na Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, na medida en que, por unha banda, uns e outros prezos participan do mesmo fundamento e, por outra, a nova delimitación que do concepto de taxa fai a lei inspírase nos pronunciamentos desta sentenza, parece conveniente modificar tamén a regulación das taxas e dos prezos públicos locais para os adaptar á configuración que se establece no ámbito estatal.

TÍTULO PRELIMINAR

Modificación da Lei xeral tributaria e da Lei de taxas e prezos públicos

Artigo 1. *Modificación da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria.*

Modifícase a alínea a) do número 1) do artigo 26 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, que queda redactada nos termos seguintes:

«a) Taxas son aqueles tributos que teñen como feito impositivo a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público, na prestación de servizos ou na realización de actividades en réxime de dereito público que se refiran, afecten ou beneficien de modo particular ó suxeito pasivo, cando se produza calquera das circunstancias seguintes:

Primeira.—Que os servizos ou actividades non sexan de solicitude voluntaria para os administrados. Para estes efectos non se considerará voluntaria a solicitude por parte dos administrados:

Cando veña imposta por disposicións legais ou regulamentarias.

Cando os bens, servizos ou actividades requiridos sexan imprescindibles para a vida privada ou social do solicitante.

Segunda.—Que non os preste ou realice o sector privado, estea ou non establecida a súa reserva a favor do sector público conforme a normativa vixente.»

Artigo 2. Modificación da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

Modifícanse os artigos 6, 10, 15, 16, 19, 20, 24, 25, 26 e 27 da Lei 8/1989, do 13 de abril, que pasarán a te-la seguinte redacción:

«Artigo 6. Concepto.

As taxas son tributos que teñen como feito impositivo a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público, na prestación de servizos ou na realización de actividades en réxime de dereito público que se refiran, afecten ou beneficien de modo particular ó suxeito pasivo, cando se produza calquera das circunstancias seguintes:

a) Que os servizos ou actividades non sexan de solicitude voluntaria para os administrados. Para estes efectos non se considerará voluntaria a solicitude por parte dos administrados:

Cando veña imposta por disposicións legais ou regulamentarias.

Cando os bens, servizos ou actividades requiridos sexan imprescindibles para a vida privada ou social do solicitante.

b) Que non os preste ou realice o sector privado, estea ou non establecida a súa reserva a favor do sector público conforme a normativa vixente.»

«Artigo 10. Establecemento e regulación.

1. O establecemento das taxas, así como a regulación dos elementos esenciais de cada unha delas, deberase realizar de acordo coa lei.

2. Son elementos esenciais das taxas os determinados pola presente lei no capítulo seguinte.

3. Cando se autorice por lei, con subordinación ós criterios ou elementos de cuantificación que esta determine, as contías esixibles para cada taxa poderanse concretar mediante norma regulamentaria.»

«Artigo 15. Devengo.

1. As taxas poderanse devengar, segundo a natureza do seu feito impositivo:

a) Cando se conceda a utilización privativa ou o aproveitamento especial ou cando se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade, sen prexuízo da posibilidade de esixilo seu depósito previo.

b) Cando se presente a solicitude que inicie a actuación ou o expediente, que non se realizará ou tramitará sen que se efectuase o pagamento correspondente.

2. Cando as taxas se devenguen periodicamente, unha vez notificada a liquidación correspondente á alta no respectivo rexistro, padrón ou matrícula, poderanse notificar colectivamente as sucesivas liquidacións mediante anuncios no "Boletín Oficial del Estado".

Artigo 16. Suxeitos pasivos.

1. Serán suxeitos pasivos das taxas, as persoas físicas ou xurídicas beneficiarias da utilización privativa ou do aproveitamento especial do dominio público ou aquelas que se vexan afectadas ou beneficiadas, persoalmente ou nos seus bens, polos servizos ou actividades públicos que constitúen o seu feito impositivo.

2. Se é o caso, terán a consideración de suxeitos pasivos as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado susceptible de imposición.»

«Artigo 19. Elementos cuantitativos das taxas.

1. O importe das taxas pola utilización privativa ou polo aproveitamento especial do dominio público fixarase tomando como referencia o valor de mercado correspondente ou o da utilidade derivada daquela.

2. En xeral, e de acordo co previsto no parágrafo seguinte, o importe das taxas pola prestación dun servizo ou pola realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do custo real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, no seu defecto, do valor da prestación recibida.

3. Para a determinación do citado importe tomaranse en consideración os custos directos e indirectos, inclusive os de carácter financeiro, amortización do inmovilizado e, se é o caso, os necesarios para garanti-lo mantemento e un desenvolvemento razoable do servizo ou actividade pola prestación ou realización dos cales se esixe a taxa, todo iso con independencia do orzamento con cargo ó cal se satisfagan.

4. A cota tributaria poderá consistir nunha cantidade fixa sinalada para o efecto, determinarse en función dun tipo de gravame aplicable sobre elementos cuantitativos que sirvan de base impositivo ou establecerse conxuntamente por ámbolos dous procedementos.

Artigo 20. Memoria económico-financieira.

1. Toda proposta de establecemento dunha nova taxa ou de modificación específica das contías

dunha preexistente deberá incluír, entre os antecedentes e estudos previos para a súa elaboración, unha memoria económico-financeira sobre o custo ou valor do recurso ou actividade de que se trate e sobre a xustificación da contía da taxa proposta.

A falta deste requisito determinará a nulidade de pleno dereito das disposicións regulamentarias que determinen as contías das taxas.

2. Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público leve consigo unha destrución ou deterioración deste non prevista na memoria económico-financeira a que se refire o número anterior, o suxeito pasivo da taxa, sen prexuízo do seu pagamento, estará obrigado ó reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación. Se os danos fosen irreparables, a indemnización consistirá nunha contía igual ó valor dos bens destruídos ou ó importe da deterioración dos danados.»

«Artigo 24. *Concepto.*

Terán a consideración de prezos públicos as contraprestacións pecuniarias que se satisfagan pola prestación de servizos ou pola realización de actividades efectuadas en réxime de dereito público cando, prestándose tamén tales servizos ou actividades polo sector privado, sexan solicitadas voluntariamente por parte dos administrados.

Artigo 25. *Contía.*

1. Os prezos públicos serán determinados a un nivel que cubra, como mínimo, os custos económicos orixinados pola realización das actividades ou pola prestación dos servizos ou a un nivel que resulte equivalente á utilidade derivada deles.

2. Cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, poderanse sinalar prezos públicos que resulten inferiores ós parámetros previstos no punto anterior, logo de adoptar as previsións orzamentarias oportunas para a cobertura da parte do prezo subvencionada.

Artigo 26. *Establecemento e modificación.*

1. O establecemento ou modificación da contía dos prezos públicos farase:

a) Por orde do departamento ministerial do que dependa o órgano que os ten que percibir e por proposta deste.

b) Directamente polos organismos públicos, logo de autorización do departamento ministerial do que dependan.

2. Toda proposta de establecemento ou modificación da contía de prezos públicos deberá ir acompañada dunha memoria económico-financeira que xustificará o importe deles que se propoña e o grao de cobertura financeira dos custos correspondentes.

Artigo 27. *Administración e cobro dos prezos públicos.*

1. A administración e cobro dos prezos públicos serán realizados polos departamentos e organismos públicos que os teñan que percibir.

2. Os prezos públicos poderán esixirse desde que se inicie a prestación de servizos que xustifica a súa esixencia.

3. O pagamento dos prezos públicos realízase en efectivo ou mediante o emprego de efectos timbrados.

4. Poderase esixir a anticipación ou o depósito previo do importe total ou parcial dos prezos públicos.

5. Cando por causas non imputables ó obrigado ó pagamento do prezo público non se preste o servizo ou non se realice a actividade, procederá a devolución do importe que corresponda ou, tratándose de espectáculos, o troco das entradas cando iso for posible.

6. As débedas por prezos públicos poderanse esixir mediante o procedemento administrativo de constrinximento, conforme a normativa vixente.

7. No non previsto expresamente nesta lei, a administración e cobro dos prezos públicos realízase de conformidade co previsto na Lei xeral orzamentaria e nas demais normas que lles resulten de aplicación a estes.»

TÍTULO I

Prestacións patrimoniais de carácter público con natureza de taxas

CAPÍTULO I

Taxas por utilización do dominio público e prestación de servizos xestionadas polo Ministerio de Fomento

SECCIÓN 1.^a TARIFAS POLO USO DA REDE DE AXUDAS Á NAVEGACIÓN AÉREA

Artigo 3.

As tarifas que se aplicarán polo uso da rede de axudas á navegación aérea, que deberá percibi-lo Estado español, rexeranse polo Acordo Multilateral do 12 de febreiro de 1981, ratificado por Instrumento do 14 de abril de 1987, e polas disposicións que se dicten de acordo con este.

As modificacións das tarifas que, consonte a dita normativa, se adopten no seo da organización EUROCONTROL, incorporaranse ó ordenamento xurídico español mediante orde ministerial.

SECCIÓN 2.^a TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVICIOS E UTILIZACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO AEROPORTUARIO

Artigo 4. *Feito imponible.*

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización do dominio público aeroportuario e a prestación polo ente público Aeroportos Españóis e Navegación Aérea dos servizos inherentes a esta utilización nos termos que se especifican para as seguintes tarifas:

a) A utilización das zonas de estacionamento de aeronaves habilitadas para o efecto nos aeroportos (tarifa A).

b) A utilización, por parte dos pasaxeiros, das zonas terminais aeroportuarias non accesibles ós visitantes, así como das facilidades aeroportuarias complementarias (tarifa B.1).

c) A utilización das zonas de aparcamento de vehículos establecidas nos aeroportos, explotadas directamente

polo ente público Aeroportos Españois e Navegación Aérea (tarifa B.2).

d) A utilización de superficies de terreo, urbanizado ou non, así como as superficies pavimentadas cedidas en réxime de concesión (tarifa C.1).

Para os efectos da aplicación desta tarifa consideraranse:

Terreos urbanizados, os que teñan neles ou na súa proximidade accesos rodados, abastecemento e evacuación de augas, subministración de enerxía eléctrica, ou que sexan de fácil conexión ás instalacións xerais.

Terreos sen urbanizar, os que carezan das características sinaladas no parágrafo anterior e

Superficies pavimentadas, aqueles terreos, urbanizados ou non, que para o aeroporto non reúnan a condición de edificables, e que teñan como característica principal ou como valor primordial a disposición dunha infraestructura pavimentada por lousas, rega asfáltica ou material similar, e como uso preferente o destinado a aparcamento de vehículos en xeral, de escaleiras, de vehículos con forquitas e doutros útiles de «handling» ou de instalación de módulos desmontables de uso vario.

e) A utilización de superficies de oficinas e locais de carácter preferente ou non preferente e de mostradores de actividades comerciais distintas da facturación, cedidos en réxime de concesión (tarifa C.2).

Para os efectos de aplicación desta tarifa consideraranse mostrador comercial calquera espacio aberto ó público para fins comerciais, publicitarios ou de atención ó pasaxeiro, así como para calquera outra actividade diferente ás reguladas na tarifa C.4.

f) A utilización de superficies ou locais designados para almacenamento xeral, de hangares cedidos en réxime de concesión e a utilización de salas e locais de almacenaxe especial (tarifa C.3).

Para efectos de aplicación desta tarifa, entenderase por almacén especial aquel que estea dotado de cámaras frigoríficas ou de conservación, de estrutura blindada ou de calquera outro dispositivo ou instalación complementaria que significasen un investimento adicional.

g) A utilización de mostradores con transportador báscula, con cinta posterior sen transportador báscula e sen cinta, cedidos en réxime de concesión ou autorización (tarifa C.4).

h) A utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público aeroportuario polas concesións para a realización de explotacións comerciais de calquera natureza, así como as autorizacións de «catering» (tarifa C.5).

i) A utilización de hangares para albergue de aeronaves autorizadas, non explotados en réxime de concesión (tarifa D.1).

j) A utilización e acceso de vehículos á zona restrinxida de carga e descarga de mercadorías á plataforma de estacionamento de aeronaves, á área de movementos e, en xeral, ás vías de acceso restrinxidas ó uso público (tarifa D.2).

k) A utilización do dominio público aeroportuario e das súas instalacións ó aire libre, para ensaios, probas, demostracións e exhibicións, de carácter non aeronáutico, así como para outras utilizacións distintas das expresamente especificadas nas restantes tarifas deste artigo (tarifa D.3).

l) A utilización do dominio público aeroportuario e das instalacións aeroportuarias para facilitalo servicio de embarque e desembarque de pasaxeiros ás compañías aéreas a través de pasarelas telescópicas ou a simple

utilización dunha posición de plataforma que lles impida o uso da correspondente pasarela a outros usuarios (tarifa E.1).

m) A utilización do dominio público aeroportuario nas operacións de carga e descarga das mercadorías (tarifa E.2).

n) O aproveitamento especial do dominio público aeroportuario para o transporte e subministración de combustibles e lubricantes, calquera que sexa o modo de transporte ou subministración (tarifa F.1).

ñ) A utilización de salas e zonas non delimitadas, non explotadas en réxime de concesión (tarifa F.2).

o) A utilización de determinadas zonas dun recinto aeroportuario para a realización de filmacións, gravacións e reportaxes publicitarias ou fotográficas (tarifa F.3).

p) A ocupación do dominio público aeroportuario e a utilización de instalacións aeroportuarias para a instalación e explotación de aparellos ou máquinas expendedoras automáticas de servicios ou artigos, así como a instalación de paneis de información hoteleira (tarifa F.4).

q) A ocupación do dominio público aeroportuario e a utilización das instalacións aeroportuarias para a instalación e explotación de equipos terminais de autoservicios bancarios (tarifa F.5).

r) A ocupación do dominio público aeroportuario na utilización de zonas e instalacións de publicidade dispoñibles dentro do recinto aeroportuario, explotadas directamente polo ente público Aeroportos Españois e Navegación Aérea (tarifa F.6).

s) A utilización dos servicios de retirada de vehículos e carruaxes por razóns de seguridade, facilitados polo ente público Aeroportos Españois e Navegación Aérea, directa ou indirectamente (tarifa G.1).

t) A prestación das subministracións, servicios, materiais e produtos, incluídas as tarxetas de seguridade e demais acreditacións emitidas para o acceso, non ocasional, de persoas ás zonas restrinxidas dos aeroportos facilitados directa ou indirectamente polo aeroporto, e a utilización do dominio público aeroportuario nas instalacións e equipos necesarios para a súa prestación (tarifa G.2).

u) A presenza dos servicios de extinción de incendios do ente público Aeroportos Españois e Navegación Aérea, coas súas dotacións e equipos, por solicitude das compañías aéreas, así como a limpeza da plataforma de estacionamento de aeronaves por derramamento de combustibles ou carburantes cando e durante a subministración da aeronave, ou por dilatación e rebordamento do combustible nos seus depósitos, ou por calquera outra causa, sexa preciso realizar esa limpeza por razóns de seguridade (tarifa G.3).

v) A ocupación do dominio público e as súas instalacións para facilitar a instalación de liñas analóxicas ou dixitais de enlace e sistemas de interconexión a través das centrais telefónicas, canalizacións, redes locais e liñas de conexión aeroportuarias utilizadas polos usuarios, así como os servicios prestados a través das instalacións e equipos da central telefónica do aeroporto (tarifa G.4).

w) A cesión de equipos de comunicación, liñas de enlace de sinal de vídeo e outros servicios a pedimento do usuario (tarifa G.5).

x) A prestación do servicio de subministración ás aeronaves de enerxía eléctrica transformada a 400 her-

cios polos equipos e instalacións do aeroporto (tarifa G.6).

y) O aproveitamento especial do dominio público aeroportuario, distinto ó cedido mediante concesión, para a realización de actividades de asistencia en terra ás aeronaves propias ou de terceiros (tarifa H).

Artigo 5. *Definicións.*

1. Para a interpretación dos termos a que se refire a presente taxa, teranse en conta as seguintes definicións:

Carga de pagamento: carga de pasaxeiros, equipaxe, mercadorías e correo, transportada na aeronave.

Desembarque: acto de saír dunha aeronave despois da aterraxe, exceptuados os tripulantes ou pasaxeiros que continúen a viaxe durante a seguinte etapa do mesmo voo directo.

Embarque: acto de subir a bordo dunha aeronave con obxecto de comezar un voo, exceptuados aqueles tripulantes ou pasaxeiros que embarcasen nunha das etapas anteriores do mesmo voo directo.

Escala comercial: parada que ten como finalidade o embarque ou desembarque de carga de pagamento.

Escala técnica: escala ou aterraxe para fins alleos ó embarque ou desembarque de carga de pagamento.

Tempo entre calzós: tempo de permanencia dunha aeronave, contado desde o momento en que esta se detén no punto de estacionamento ata que se pon en movemento.

Voo directo: certa operación das aeronaves que o explotador identifica na súa totalidade, designándoa co mesmo símbolo desde o punto de orixe, vía calquera punto intermedio, ata o punto de destino.

2. Para efectos de aplicación da presente taxa, a clasificación dos aeroportos españois será, mentres non se modifique conforme o previsto na presente lei, a establecida na orde ministerial do 13 de maio de 1994.

Artigo 6. *Devengo.*

1. A taxa devengarase cando se conceda ou autorice a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público ou cando se inicie a prestación do servizo ou se realice a actividade, sen prexuízo da posibilidade de esixilo seu depósito previo.

2. Malia o disposto no punto anterior, na subtarifa C.2.2 prevista na orde do 13 de maio de 1994 e tarifas D.2, D.3, F.2, F.3 e F.6 non se prestará o servizo ou realizará a actividade sen que se efectuase o pagamento correspondente.

Artigo 7. *Suxeitos pasivos.*

Serán suxeitos pasivos da taxa as seguintes persoas:

Na tarifa A, as compañías aéreas, organismos e particulares que estacionen as súas aeronaves nas zonas habilitadas para o efecto nos aeroportos.

Na tarifa B.1, serán suxeitos pasivos as compañías aéreas, organismos e particulares que transporten os pasaxeiros que embarquen nun aeroporto español, independentemente das etapas posteriores intermedias que poida realiza-lo dito voo e do seu destino.

Para os efectos da aplicación desta tarifa terán a consideración de pasaxeiros aquelas persoas que sexan transportadas en calidade de viaxeiros como consecuen-

cia dun contrato de transporte ou de arrendamento e aqueles outros que non sexan membros da tripulación.

O importe desta taxa poderase repercutir sobre os pasaxeiros no correspondente título de transporte (billete), de maneira desagregada ou non do seu prezo.

Na tarifa B.2, os que utilicen as zonas de aparcamento.

Nas tarifas C.1, C.2 e C.3, o concesionario.

Na tarifa C.4, o concesionario, persoa autorizada ou usuario.

Na tarifa C.5, o concesionario ou empresa de «catering».

Na tarifa D.1, o usuario ou persoa autorizada.

Na tarifa D.2, o usuario ou persoa autorizada, agás cando se trate de concesionarios e contratistas os vehículos dos cales accedan a zonas restrinxidas por razón do cumprimento das obrigas contraídas co ente público Aeroportos Españois e Navegación Aérea.

Na tarifa D.3, o usuario ou persoa autorizada.

Na tarifa E.1, a compañía explotadora da aeronave.

Na tarifa E.2, as compañías aéreas, organismos e particulares que transporten mercadorías. O importe desta taxa poderíase repercutir nos expedidores ou destinatarios da mercadoría, facéndose constar na correspondente factura separadamente do importe do frete ou do transporte.

Na tarifa F.1, as entidades subministradoras dos produtos a que se refire esta.

Nas tarifas F.2 e F.3, o usuario ou persoa autorizada.

Nas tarifas F.4 e F.5, a persoa que explote os aparellos, máquinas ou paneis de información hoteleira.

Na tarifa F.6, o contratista.

Na tarifa G.1, o usuario do vehículo ou carruaxe.

Na tarifa G.2, a persoa á que se lle faciliten os servizos ou as subministracións previstos nela.

Na tarifa G.3, as compañías aéreas beneficiarias dos servizos establecidos nela.

Na tarifa G.4 e G.5, o usuario, persoa autorizada ou receptor das subministracións e servizos.

Na tarifa G.6, as compañías aéreas, organismos ou particulares que reciban a prestación do servizo.

Na tarifa H, as persoas físicas ou xurídicas autorizadas, de acordo coa normativa vixente, para realiza-las actividades de asistencia en terra a aeronaves propias ou de terceiros.

Artigo 8. *Exencións.*

1. Estarán exentas do pagamento da tarifa F.3 as filmacións e gravacións cinematográficas de interese aeroportuario ou carentes de finalidade lucrativa.

2. O desfrute da exención prevista no punto anterior precisará o seu recoñecemento polo ente público Aeroportos Españois e Navegación Aérea mediante resolución motivada.

Artigo 9. *Contías.*

Mentres non se proceda á súa modificación conforme o previsto no artigo seguinte, continuarán vixentes as contías establecidas na orde ministerial do 13 de maio de 1994 e no Acordo do Consello de Administración de Aeroportos Españois e Navegación Aérea do 23 de maio de 1994, coas seguintes variacións nas súas tarifas:

A) Na orde ministerial do 13 de maio de 1994, as tarifas B, K, E.3 e E.4 pasan a estar clasificadas, respectivamente, coas letras B.1, C.5, G.1 e G.2.

B) No Acordo do 23 de maio de 1994, as tarifas D, B, F.1, F.5, F.6, F.8, G.5, G.6 e G.10 pasan a estar clasificadas, respectivamente, coas letras B.2, F.1, F.2, F.4, F.5, F.6, G.4, G.5 e G.6.

C) Quedan sen efecto tódalas consecuencias xurídicas previstas na orde ministerial do 13 de maio de 1994 derivadas da anterior cualificación como prezos públicos das súas tarifas.

Artigo 10. *Modificación das contías da taxa.*

1. Só se poderán modificar mediante lei o número ou a identidade dos elementos e criterios de cuantificación segundo os cales se determinan as cotas fixas esixibles en cada tarifa.

2. Para os efectos do previsto no punto anterior, considéranse elementos e criterios de cuantificación para cada unha das tarifas da presente taxa os seguintes:

Tarifa A: o peso da aeronave, a clasificación do aeroporto, a franxa horaria, o tempo de estacionamento e a situación xurídica da aeronave.

Tarifa B.1: a orixe e destino do pasaxeiro.

Tarifa B.2: a clase de vehículo, a categoría do aeroporto e a duración do estacionamento.

Tarifas C.1, C.2, C.3 e C.4: o tipo e medida de superficie utilizada, o período de utilización, a clasificación do aeroporto e o beneficio ou utilidade obtido coa realización da actividade.

Tarifa C.5: a contía será a sinalada nos contratos reguladores.

Tarifa D.1: o tipo e a medida de superficie utilizada, o período de utilización, a categoría do aeroporto e a superficie en planta da aeronave.

Tarifa D.2: a periodicidade no uso das zonas restrinxidas.

Tarifa D.3: a medida de superficie utilizada e o número de aparellos.

Tarifa E.1: a franxa horaria, a categoría do aeroporto e o tempo e horario de utilización.

Tarifa E.2: o peso de carga depositada ou almacenada no aeroporto, a franxa horaria, a categoría do aeroporto e o período de utilización.

Tarifa F.1: os litros subministrados, o tipo de combustible ou lubricante subministrado.

Tarifa F.2: o tipo de salas, a súa localización e tempo de uso, a superficie e a situación dos espazos, o número de persoas e a categoría de aeroporto.

Tarifa F.3: o horario e o período de utilización dos recintos aeroportuarios.

Tarifas F.4 e F.5: en función do establecido nos seus contratos reguladores. No seu defecto, en función do beneficio ou utilidade obtida no exercicio da actividade.

Tarifa F.6: os tipos de soporte publicitarios, a clasificación do aeroporto e o carácter nacional ou internacional da súa terminal.

Tarifa G.1: o número de días en que o vehículo está depositado trala súa retirada.

Tarifa G.2: no caso de subministracións medidas por contador, a unidade tarifaria obteríase dividindo o importe do recibo periódico presentado pola compañía subministradora polo número de unidades de medida consumidas. No resto das subministracións prestadas polo aeroporto a unidade tarifaria obteríase dividindo o custo total do servizo polo número de metros cadrados da superficie do aeroporto afectada polo dito servizo. Nos restantes servizos, o custo das súas instalacións, incluíndo o valor real dos produtos ou materiais facilitados.

En calquera caso, as contías resultantes serían incrementadas no 12,5 por 100 pola utilización do dominio público aeroportuario.

Tarifa G.3: a duración do servizo e o importe dos produtos subministrados.

Tarifa G.4: os mesmos criterios e procedemento de cuantificación cá tarifa G.2.

Tarifa G.5: os mesmos criterios e procedemento de cuantificación cá tarifa G.2.

Tarifa G.6: o peso máximo ó despegue da aeronave, o prazo de duración e a categoría do aeroporto.

Tarifa H: o tipo de asistencia (a aeronaves propias ou de terceiros), o número, tipo e peso das aeronaves asistidas e a categoría do aeroporto.

3. As contías esixibles pola tarifa B.1 da presente taxa deberanse acomodar a un proceso de converxencia, con independencia do aeroporto de destino, dentro do Espacio Económico Europeo.

4. A modificación das contías fixas resultantes da aplicación dos elementos e criterios a que se refiren os puntos anteriores poderase efectuar mediante orde ministerial.

5. As ordes ministeriais que, de conformidade co establecido no anterior parágrafo deste artigo, modifiquen as contías fixas da taxa, deberán ir acompañadas dunha memoria económico-financieira sobre o custo ou valor do recurso ou actividade de que se trate e sobre a xustificación da contía da taxa proposta, a cal se deberá axustar ó establecido no artigo 19.1 da Lei 8/1989, do 13 de abril, ou, se é o caso, ó principio de equivalencia establecido no artigo 7 da mesma lei citada.

A falta deste requisito determinará a nulidade de pleno dereito da disposición.

Artigo 11. *Xestión, recadación e afectación.*

1. A xestión da taxa corresponderalle ó ente público Aeroportos Españois e Navegación Aérea.

2. A autoridade aeroportuaria poderá esixir a presentación de calquera documento acreditativo que sexa preciso para a práctica das liquidacións procedentes por aplicación da presente taxa.

3. O importe do recadado por esta taxa formará parte do orzamento de ingresos do ente público Aeroportos Españois e Navegación Aérea.

CAPÍTULO II

Taxas por prestación de servicios xestionados polo Ministerio da Presidencia

TAXA POR PUBLICACIÓN DE ANUNCIOS NO «BOLETÍN OFICIAL DEL ESTADO»

Artigo 12. *Feito imponible.*

Constitúe o feito imponible da taxa a publicación de anuncios na edición papel do «Boletín Oficial del Estado».

Artigo 13. *Devengo.*

1. O devengo da taxa producirase pola publicación dos anuncios, sen prexuízo do previsto no número seguinte deste artigo.

2. De forma simultánea á solicitude de inserción dos anuncios, deberase constituír un depósito previo polo seu importe estimado, a resultas de que, unha vez efectuada a publicación e determinada a contía exacta

esixible, o órgano xestor realice a liquidación complementaria ou a devolución cando así proceda.

Esta obriga de constituír un depósito previo non se aplicará nos anuncios de poxas nos procedementos criminais e sociais; en que o pagamento se esixirá cando se fagan efectivas as custas sobre os bens.

Artigo 14. *Suxeitos pasivos.*

Serán suxeitos pasivos da taxa as persoas físicas ou xurídicas que soliciten os servicios constitutivos do feito imponible da taxa.

Artigo 15. *Exencións e bonificacións.*

Estarán exentos do pagamento da taxa:

a) A publicación de leis, disposicións e resolucións de inserción obrigatoria que se publicarán nas seccións I, II e III do «Boletín Oficial del Estado».

b) Os anuncios oficiais, cando se estableza a súa inserción obrigatoria e gratuíta no «Boletín Oficial del Estado».

Artigo 16. *Contías.*

1. Mentres non se produza a súa modificación conforme o previsto no artigo seguinte, continuarán vixentes as tarifas previstas no artigo 45 da Lei 13/1996, do 30 de decembro.

2. Os anuncios que, por instancia do anunciante, se publiquen dentro das vinte e catro horas seguintes á súa entrega na administración do «Boletín Oficial del Estado», aboarán unha contía dobre da que, noutro caso, resultaría esixible.

3. A liquidación e ingreso das tarifas efectuarase conforme a normativa reguladora do «Boletín Oficial del Estado».

Artigo 17. *Modificación das contías da taxa.*

1. Só se poderán modificar mediante lei o número e identidade dos elementos e criterios de cuantificación segundo os cales se determinan as cotas e tipos esixibles.

2. Para os efectos do previsto no número anterior, considéranse elementos e criterios de cuantificación do importe esixible polos anuncios a que se refire o feito imponible da taxa, as dimensións de altura e largura dunha columna de texto publicada no «Boletín Oficial del Estado».

3. A modificación das contías fixas resultantes da aplicación dos elementos e criterios a que se refiren os números anteriores poderase efectuar mediante orde ministerial.

4. As ordes ministeriais que, de conformidade co establecido no número anterior deste artigo, modifiquen as contías fixas da taxa, deberán ir acompañadas dunha memoria económico-financeira sobre o custo ou valor do recurso ou actividade de que se trate e sobre a xustificación da contía da taxa proposta, a cal se deberá axustar ó principio de equivalencia establecido no artigo 7 da Lei 8/1989, do 13 de abril.

A falta deste requisito determinará a nulidade de pleno dereito da disposición.

Artigo 18. *Xestión e recadación.*

A xestión e recadación da taxa corresponderalle ó organismo autónomo «Boletín Oficial del Estado».

CAPÍTULO III

Taxas por prestación de servicios xestionados polos Ministerios da Presidencia e de Xustiza

TAXA POR PUBLICACIÓN DE ACTOS E ANUNCIOS NO «BOLETÍN OFICIAL DEL REGISTRO MERCANTIL»

Artigo 19. *Feito imponible.*

Constitúe o feito imponible da taxa a publicación de actos e anuncios na edición papel do «Boletín Oficial del Registro Mercantil».

Artigo 20. *Devengo.*

1. O devengo da taxa producirase:

a) Nos actos recollidos na sección 1.^a do «Boletín Oficial do Rexistro Mercantil», conforme o Regulamento do Rexistro Mercantil, cando se solicite a súa inscrición no Rexistro.

b) Nos anuncios e avisos legais constitutivos da sección 2.^a do «Boletín Oficial del Registro Mercantil», cando se publiquen, sen prexuízo do previsto no punto seguinte deste artigo.

2. De forma simultánea á solicitude de inserción dos anuncios deberase constituír un depósito previo polo seu importe estimado, a resultas de que, unha vez efectuada a publicación e determinada a contía exacta esixible, se practique, polo órgano xestor, a liquidación complementaria ou a devolución cando así proceda.

Artigo 21. *Suxeitos pasivos.*

Serán suxeitos pasivos da taxa as persoas físicas ou xurídicas que soliciten os servicios constitutivos do feito imponible da taxa.

Para estes efectos, a publicación dos actos recollidos na sección 1.^a do «Boletín Oficial do Rexistro Mercantil» entenderase solicitada polas persoas que instasen a súa inscrición no dito Rexistro.

Artigo 22. *Exencións e bonificacións.*

Estarán exentos do pagamento da taxa polo concepto previsto na alínea a) do número 1 do artigo 40, a publicación de actos que se insiran de oficio no «Boletín Oficial del Registro Mercantil».

Artigo 23. *Contías.*

1. Mentres non se produza a súa modificación conforme o previsto no artigo seguinte, continuarán vixentes as tarifas previstas no artigo 46 da Lei 13/1996, do 30 de decembro.

2. A liquidación e ingreso das tarifas efectuarase conforme a regulación contida no Regulamento do Rexistro Mercantil.

Artigo 24. *Modificación das contías da taxa.*

1. Só se poderán modificar mediante lei o número e identidade dos elementos e criterios de cuantificación segundo os cales se determinan as cotas e tipos esixibles.

2. Para os efectos do previsto no número anterior, considéranse elementos e criterios de cuantificación do importe esixible polos anuncios e avisos legais consti-

tutivos da sección II do «Boletín Oficial del Registro Mercantil» a que se refire o feito impositivo da taxa, as dimensións de altura e largura dunha columna de texto publicada no «Boletín Oficial del Estado».

3. A modificación das contías fixas resultantes da aplicación dos elementos e criterios a que se refiren os parágrafos anteriores poderase efectuar mediante orde ministerial.

4. As ordes ministeriais que, de conformidade co establecido no número anterior deste artigo, modifiquen as contías fixas da taxa, deberán ir acompañadas dunha memoria económico-financieira sobre o custo ou valor do recurso ou actividade de que se trate e sobre a xustificación da contía da taxa proposta, a cal se deberá axustar ó principio de equivalencia establecido no artigo 7 da Lei 8/1989, do 13 de abril.

A falta deste requisito determinará a nulidade de pleno dereito da disposición.

Artigo 25. *Xestión e recadación.*

A xestión e recadación da taxa corresponderalle ó organismo autónomo «Boletín Oficial del Estado».

CAPÍTULO IV

Taxas por prestación de servicios xestionados polo Ministerio de Industria e Enerxía

TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVICIOS E ACTIVIDADES DA OFICINA ESPAÑOLA DE PATENTES E MARCAS

Artigo 26. *Feito impositivo.*

1. Constitúe o feito impositivo da taxa:

a) A reprodución de documentos integrados en fondos documentais da Oficina Española de Patentes e Marcas.

b) As buscas retrospectivas e a difusión selectiva de datos integrados en bases de datos, realizadas pola Oficina Española de Patentes e Marcas, e

c) A prestación de servicios documentais para información tecnolóxica.

2. Constitúen supostos non gravados pola taxa:

a) A entrega pola Oficina Española de Patentes e Marcas, en calidade de distribuidor, de produtos producidos pola Oficina Europea de Patentes, pola Organización Mundial da Propiedade Intelectual ou por outras organizacións internacionais. En tales casos, os prezos de distribución dos produtos e a compensación que percibirá a Oficina Española de Patentes e Marcas fixarase nos respectivos acordos de distribución.

b) As entregas, por empresas especializadas, de datos integrados nas bases de datos da Oficina Española de Patentes e Marcas, sen prexuízo das regalías que, conforme o convenio suscrito entre as partes, lle corresponda percibir á Oficina Española de Patentes e Marcas.

Artigo 27. *Devengo.*

1. O devengo da taxa producirase coa solicitude do servizo ou actividade, que non se prestarán sen que se efectuase o pagamento que resultar esixible.

2. No suposto de conexións en liña ás bases de datos, os pagamentos esixiranse con periodicidade mensual sobre a base de utilización efectuada no período de referencia.

Artigo 28. *Suxeitos pasivos.*

Serán suxeitos pasivos da taxa as persoas que soliciten servizos ou actividades constitutivos do feito impositivo da taxa.

Artigo 29. *Exencións e bonificacións.*

1. Estarán exentas do pagamento da taxa as entregas de produtos ou servizos cando, acordándoo así a Oficina Española de Patentes e Marcas, as ditas entregas se realicen no marco de intercambios con organizacións internacionais, oficinas de propiedade industrial doutros países ou entidades públicas españolas e teñan por finalidade a promoción da propiedade industrial ou a difusión da información tecnolóxica.

2. Gozarán dunha bonificación do 30 por 100 do importe da taxa as entidades que contribúan á difusión dos produtos ou servizos da Oficina Española de Patentes e Marcas, logo do acordo adoptado por esta.

Artigo 30. *Contías.*

Entrementres non se produza a súa modificación conforme o previsto no terceiro punto do seguinte artigo, continuarán vixentes as tarifas previstas na orde do 22 de setembro de 1995.

Artigo 31. *Modificación das contías da taxa.*

1. Só se poderán modificar mediante lei o número e identidade dos elementos e criterios de cuantificación segundo os cales se determinan as cotas e tipos esixibles.

2. Para os efectos do previsto no punto anterior, considéranse elementos e criterios de cuantificación do importe esixible os seguintes:

a) Nas reproducións de documentos integrados en fondos documentais da Oficina Española de Patentes e Marcas, a orixe do documento e o tipo de soporte de entrega.

b) Na busca retrospectiva e difusión selectiva de datos integrados nas bases de datos da Oficina Española de Patentes e Marcas, o tipo de información facilitada.

c) Na prestación de servicios documentais para información tecnolóxica, o tipo e periodicidade dos informes.

3. A modificación das contías fixas resultantes da aplicación dos elementos e criterios a que se refiren os puntos anteriores poderase efectuar mediante orde ministerial.

4. As ordes ministeriais que, de conformidade co establecido no punto anterior deste artigo, modifiquen as contías fixas da taxa, deberán ir acompañadas dunha memoria económico-financieira sobre o custo ou o valor do recurso ou da actividade de que se trate e sobre a xustificación da contía da taxa proposta, a cal se deberá axustar ó principio de equivalencia establecido no artigo 7 da Lei 8/1989, do 13 de abril.

A falta deste requisito determinará a nulidade de pleno dereito da disposición.

Artigo 32. *Xestión, recadación e afectación.*

1. A xestión da taxa correspóndelle ó organismo autónomo Oficina Española de Patentes e Marcas.

2. O importe da recadación desta taxa formará parte do orzamento de ingresos do organismo xestor.

CAPÍTULO V

Taxas por prestación de servicios xestionados polo Ministerio de DefensaSECCIÓN 1.^a TAXA POR PUBLICACIÓN DE ANUNCIOS NO «BOLETÍN OFICIAL DEL MINISTERIO DE DEFENSA»Artigo 33. *Feito imponible.*

Constitúe o feito imponible da taxa a publicación de anuncios no «Boletín Oficial do Ministerio de Defensa».

Artigo 34. *Devengo.*

O devengo da taxa producirase coa publicación dos anuncios. O pagamento dos anuncios publicados dentro do trámite de contratos da Administración esixirase cando estes se adxudiquen.

Artigo 35. *Suxeitos pasivos.*

Serán suxeitos pasivos da taxa os adxudicatarios do contrato e, no seu defecto, os que soliciten a publicación dos anuncios.

Artigo 36. *Contías.*

Entrementres non se produza a súa modificación, conforme o previsto no artigo seguinte, continuarán vixentes as tarifas previstas na orde do 17 de novembro de 1993.

Artigo 37. *Modificación das contías da taxa.*

1. Só se poderán modificar mediante lei o número e identidade dos elementos e criterios de cuantificación de acordo cos cales se determinan as cotas e tipos esixibles.

2. Para os efectos do previsto no punto anterior, considéranse elementos e criterios de cuantificación do importe esixible polos anuncios a que se refire o feito imponible da taxa, o número de liñas ou espazos en branco equivalentes publicados no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa».

3. A modificación das contías fixas resultantes da aplicación dos elementos e criterios a que se refiren os puntos anteriores poderase efectuar mediante orde ministerial.

4. As ordes ministeriais que, de conformidade co establecido no punto anterior deste artigo, modifiquen as contías fixas da taxa, deberán ir acompañadas dunha memoria económico-financeira sobre o custo ou valor de recurso ou actividade de que se trate e sobre a xustificación da contía da taxa proposta, a cal se deberá axustar ó principio de equivalencia establecido no artigo 7 da Lei 8/1989, do 13 de abril.

A falta deste requisito determinará a nulidade de pleno dereito da disposición.

SECCIÓN 2.^a TAXA POR EXPEDICIÓN DE CARTOGRAFÍA NÁUTICAArtigo 38. *Feito imponible.*

Constitúe o feito imponible da taxa a entrega da seguinte cartografía náutica esixida ós buques pola normativa vixente:

- a) Carta náutica de 37,5 × 27,5 cm.
- b) Carta náutica de 55 × 37,5 cm.
- c) Carta náutica de 75 × 55 cm.

- d) Carta náutica de 110 × 55 cm.
- e) Álbum do río Guadalquivir.
- f) Roteiro.
- g) Libro de faros.
- h) Radiosinais.
- i) Anuario de mareas.
- j) P. E. núm. 14. Símbolos e abreviaturas usados nas cartas náuticas españolas.
- k) Aviso a navegantes.
- l) Certificación de compases magnéticos ata 100 mm de diámetro.
- m) Certificación de compases magnéticos de máis de 100 mm de diámetro.

Artigo 39. *Devengo.*

O devengo da taxa producirase no momento da expedición da cartografía náutica ou das certificacións ós suxeitos pasivos contribuíntes.

Artigo 40. *Suxeitos pasivos.*

1. Serán suxeitos pasivos contribuíntes da taxa as persoas que soliciten a prestación dos servicios constitutivos do feito imponible da taxa.

2. Serán suxeitos pasivos substitutos do contribuínte os establecementos públicos e privados autorizados mediante convenio suscrito co Instituto Hidrográfico da Mariña para a entrega da cartografía náutica. Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte trasladarán a carga tributaria sobre as persoas a que se refire o punto anterior deste artigo.

Artigo 41. *Exencións e bonificacións.*

1. Gozarán de exención do pagamento da taxa:

- a) A expedición de cartografía náutica precisa para buques integrados na lista oficial de buques da Armada e
- b) A primeira distribución ós organismos integrados na Organización Hidrográfica Internacional de novas edicións de cartografía náutica.

2. Gozarán dunha bonificación do 25 por 100 sobre o importe da taxa as solicitudes de expedición de cartografía náutica que se presenten por órganos das Administracións públicas.

Artigo 42. *Contías.*

Entrementres non se produza a súa modificación conforme o previsto no terceiro punto do seguinte artigo, o importe esixible por cada un dos conceptos constitutivos do feito imponible da taxa será o seguinte:

	Pesetas
a) Carta náutica de 37,5 por 27,5 cm.	962
b) Carta náutica de 55 por 37,5 cm.	1.462
c) Carta náutica de 75 por 55 cm.	2.000
d) Carta náutica de 110 por 55 cm.	2.231
e) Álbum do río Guadalquivir	8.462
f) Roteiro	2.692
g) Libro de faros	1.769
h) Radiosinais	1.769
i) Anuario de mareas	1.769
j) P. E. núm. 14. Símbolos e abreviaturas usados nas cartas náuticas españolas	1.058
k) Aviso a navegantes	2.306

Pesetas

- | | |
|---|-------|
| l) Certificación de compases magnéticos ata 100 mm de diámetro | 1.500 |
| m) Certificación de compases magnéticos de máis de 100 mm de diámetro | 1.800 |

Artigo 43. *Modificación das contías da taxa.*

1. Só se poderán modificar mediante lei o número e identidade dos elementos e criterios de cuantificación segundo os cales se determinan as cotas e tipos esixibles.

2. Para os efectos do previsto no punto anterior, considérase elemento de cuantificación do importe esixible pola expedición de cartografía náutica o custo da súa elaboración determinado conforme o establecido no artigo 19.2 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, e os acordos adoptados no seo dos organismos internacionais dos que España forme parte.

3. A modificación das contías fixas resultantes da aplicación do elemento de cuantificación a que se refiren os puntos anteriores poderase efectuar mediante orde ministerial.

4. As ordes ministeriais que, de conformidade co establecido no punto anterior deste artigo, modifiquen as contías fixas da taxa deberán ir acompañadas dunha memoria económico-financeira sobre o custo ou valor do recurso ou actividade de que se trate e sobre a xustificación da contía da taxa proposta, a cal se deberá axustar ó principio de equivalencia establecido no artigo 7 da Lei 8/1989, do 13 de abril.

A falta deste requisito determinará a nulidade de pleno dereito da disposición.

Artigo 44. *Xestión e recadación.*

A xestión e recadación da taxa corresponderalle ó Instituto Hidrográfico da Mariña.

Artigo 45. *Distribución a través de establecementos autorizados.*

A distribución de cartografía náutica producida polo Instituto Hidrográfico da Mariña poderá ser efectuada, con repercusión sobre os adquirentes dos beneficios de distribución, nas condicións que determinen os respectivos convenios con establecementos públicos e privados autorizados.

SECCIÓN 3.^a TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS DO ORGANISMO AUTÓNOMO «FONDO DE EXPLOTACIÓN DOS SERVICIOS DE CRÍA CABALAR E REMONTA»

Artigo 46. *Feito imponible.*

Constitúe o feito imponible da taxa a realización das seguintes actuacións administrativas relacionadas co Rexistro Matrícula de Cabalos e Eguas de Pura Raza:

- Inscricións.
- Expedición de certificados.
- Renovación de cartas de orixe.
- Pasaportes internacionais.
- Cambios de nome.

Artigo 47. *Devengo.*

O devengo da taxa producirase coa solicitude de prestación do servizo, que non se realizará sen que se efectúese o pagamento correspondente.

Artigo 48. *Suxeitos pasivos.*

Serán suxeitos pasivos da taxa as persoas naturais ou xurídicas que soliciten servizos constitutivos do feito imponible da taxa.

Artigo 49. *Contías.*

1. Mentres non se produza a súa modificación conforme o previsto no terceiro punto do seguinte artigo, o importe esixible por cada un dos conceptos constitutivos do feito imponible da taxa será o seguinte:

a) Pola inscrición de cada équido no Libro de Orixe da Raza, realizada dentro do prazo legalmente establecido e expedición do correspondente certificado: 2.500 pesetas.

b) Pola inscrición de cada équido no Libro de Orixe da Raza, realizada fóra do prazo legalmente establecido (inclúe control de filiación compatible) e expedición do correspondente certificado: 5.000 pesetas.

c) Pola expedición de certificados relacionados co Rexistro-Matrícula: 2.500 pesetas.

d) Pola renovación de Certificados de Inscrición e Cartas Xenealóxicas: 2.500 pesetas.

e) Pola expedición de duplicado de Certificado de Inscrición e Carta Xenealóxica (inclúe control de filiación compatible): 5.000 pesetas.

f) Pola expedición de «Pasaporte internacional» para équidos rexistrados: 2.500 pesetas.

g) Polo cambio de nome de équidos rexistrados en razas autorizadas incluíndo control de filiación compatible e expedición do correspondente certificado: 5.000 pesetas.

2. As contías indicadas no punto anterior serán esixibles con independencia das que, en concepto de prezos públicos, procedan por prestacións do Fondo de Explotación dos Servizos de Cría Cabalar e Remonta.

Artigo 50. *Modificación das contías da taxa.*

1. Só se poderán modificar mediante lei o número e identidade dos elementos e criterios de cuantificación segundo os cales se determinan as cotas e tipos esixibles.

2. Para os efectos do previsto no número anterior, considérase elemento de cuantificación do importe esixible pola prestación de servizos descritos como feito imponible o custo da súa elaboración determinado conforme o establecido no artigo 19.2 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

3. A modificación das contías fixas resultantes da aplicación do elemento de cuantificación a que se refiren os puntos anteriores poderase efectuar mediante orde ministerial.

4. As ordes ministeriais que, de conformidade co establecido no número anterior deste artigo, modifiquen as contías fixas da taxa, deberán ir acompañadas dunha memoria económico-financeira sobre o custo ou valor do recurso ou actividade de que se trate e sobre a xustificación da contía da taxa proposta, a cal se deberá axustar ó principio de equivalencia establecido no artigo 7 da Lei 8/1989, do 13 de abril.

A falta deste requisito determinará a nulidade de pleno dereito da disposición.

Artigo 51. *Xestión, recadación e afectación.*

1. A xestión da taxa corresponderalle ó organismo autónomo Fondo de Explotación dos Servicios de Cría Cabalar e Remonta.

2. O importe do recadado por esta taxa formará parte do orzamento de ingresos do organismo autónomo Fondo de Explotación dos Servicios de Cría Cabalar e Remonta.

CAPÍTULO VI

Taxas por prestación de servicios xestionados polo Ministerio de Educación e Cultura

TAXA POR UTILIZACIÓN DE ESPACIOS EN MUSEOS E OUTRAS INSTITUCIÓNS CULTURAIS DO MINISTERIO DE EDUCACIÓN E CULTURA

Artigo 52. *Feito impositivo.*

Constitúe o feito impositivo da taxa a utilización de espazos dos museos ou outras institucións culturais xestionados polo Ministerio de Educación e Cultura ou polos seus organismos autónomos.

Artigo 53. *Devengo.*

A taxa devengarase no momento en que o órgano xestor notifique a aceptación da utilización dos espazos solicitados polo suxeito pasivo, debendo aboarse o seu importe con anterioridade á subscripción do correspondente convenio regulador da dita utilización.

Artigo 54. *Suxeitos pasivos.*

Serán suxeitos pasivos da taxa as persoas físicas ou xurídicas que soliciten as actividades constitutivas do feito impositivo da taxa.

Artigo 55. *Establecemento e modificación das contías da taxa.*

1. Só se poderán modificar mediante lei o número e identidade dos elementos e criterios de cuantificación segundo os cales se determinan as cotas e tipos esixibles.

2. Para os efectos do previsto no número anterior, considéranse elementos e criterios de cuantificación do importe esixible:

- a) A relevancia cultural e a conexión do acto ou actividade cos fins propios da institución.
- b) A incidencia na difusión pública dos valores culturais da institución.
- c) O predominio dos fins culturais ou comerciais do acto ou actividade e
- d) A duración, en horas por día, da utilización dos espazos.

3. O establecemento e modificación das contías fixas resultantes da aplicación dos elementos e criterios a que se refiren os números anteriores poderase efectuar mediante orde ministerial.

4. As ordes ministeriais que, de conformidade co establecido no número anterior deste artigo, modifiquen as contías fixas da taxa, deberán ir acompañadas dunha memoria económico-financieira sobre o custo ou valor do recurso ou actividade de que se trate e sobre a xustificación da contía da taxa proposta, a cal se deberá axustar ó principio de equivalencia establecido no artigo 7 da Lei 8/1989, do 13 de abril.

A falta deste requisito determinará a nulidade de pleno dereito da disposición.

CAPÍTULO VII

Taxas por prestación de servicios xestionados polo Ministerio de Sanidade e Consumo

TAXA POR REALIZACIÓN DE ANÁLISES E EMISIÓN DE CERTIFICADOS E INFORMES POR CENTROS DEPENDENTES DO INSTITUTO DE SAÚDE «CARLOS III»

Artigo 56. *Feito impositivo.*

Constitúe o feito impositivo da taxa a realización das seguintes actividades:

- a) Emisión de certificados e informes de cumprimento de especificacións técnicas de produtos sanitarios, reembolsados polo Sistema Nacional de Saúde (efectos e accesorios).
- b) Realización de análises e de informes para o control da presenza de residuos e determinación de especies animais en carne destinada á exportación.
- c) Emisión de informes analíticos de reactivos destinados á realización de probas de detección de marcadores de infección por virus humanos da familia «retroviridae».

Artigo 57. *Devengo.*

O devengo da taxa producirase coa solicitude dos servizos constitutivos do feito impositivo da taxa.

Artigo 58. *Suxeitos pasivos.*

Serán suxeitos pasivos da taxa as persoas que soliciten os servizos constitutivos do feito impositivo da taxa.

Artigo 59. *Establecemento e modificación das contías da taxa.*

1. Só se poderá modificar mediante lei o número e identidade dos elementos e criterios de cuantificación segundo os cales se determinan as cotas e tipos esixibles.

2. Para os efectos do previsto no punto anterior, considéranse elementos e criterios de cuantificación do importe esixible:

Para as actividades descritas na alínea a) do precepto regulador do feito impositivo desta taxa, os ensaios mecánicos, físicos, químicos, biolóxicos e microbiolóxicos que require o Sistema Nacional de Saúde de acordo cos métodos de ensaio harmonizados en farmacopea europea, normas europeas EN e metodoloxía propia do Instituto de Saúde «Carlos III» cientificamente validada.

Para as actividades descritas na alínea b) do precepto regulador do feito impositivo desta taxa, os ensaios físico-químicos, microbiolóxicos e inmunolóxicos, coa utilización de cromatografía de gases, cromatografía de gases-espectrometría de masas, cromatografía líquida de alta resolución, absorción atómica, outras técnicas espectrofotométricas, bioensaios microbiolóxicos, illamento e identificación de xermes e inmunoensaios (ELISA).

Para as actividades descritas na letra c) precepto regulador do feito impositivo desta taxa, os ensaios microbiolóxicos e inmunolóxicos coa utilización das técnicas ELISA, inmunofluorescencia indirecta (I.F.I.), Western Blot e PCR.

3. O establecemento e modificación das contías fixas resultantes da aplicación dos elementos e criterios a que se refiren os números anteriores poderase efectuar mediante orde ministerial.

4. As ordes ministeriais que, de conformidade co establecido no número anterior deste artigo, establezan ou modifiquen as contías fixas da taxa, deberán ir acompañadas dunha memoria económico-financeira sobre o custo ou o valor do recurso ou da actividade de que se trate e sobre a xustificación da contía da taxa proposta, a cal se deberá axustar ó principio de equivalencia establecido no artigo 7 da Lei 8/1989, do 13 de abril.

A falta deste requisito determinará a nulidade de pleno dereito da disposición.

Artigo 60. *Xestión, recadación e afectación.*

1. A xestión e recadación da taxa corresponderalle ó Instituto de Saúde «Carlos III».

2. O importe do recadado por esta taxa formará parte do orzamento de ingresos do Instituto de Saúde «Carlos III».

CAPÍTULO VIII

Taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial de bens do dominio público estatal

Artigo 61. *Feito imponible.*

1. Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou o aproveitamento especial de bens de dominio público que se fagan por concesións, autorizacións ou outra forma de adxudicación por parte dos órganos da Administración estatal competentes para iso e de acordo coas disposicións específicas que as regulan.

2. Non quedarán suxeitas á presente taxa:

a) A utilización privativa ou o aproveitamento especial de bens de dominio público que estivesen xa gravados por unha taxa específica.

b) As utilizacións privativas ou os aproveitamentos especiais do dominio público hidráulico e marítimo-terrestre, que se seguirán regulando pola Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas, e pola Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, respectivamente.

3. Non se esixirá o pagamento da taxa cando a utilización privativa ou aproveitamento especial de bens de dominio público non leve consigo unha utilidade económica para o concesionario, persoa autorizada ou adxudicatario ou, aínda existindo a dita utilidade, a utilización ou aproveitamento comporte condicións ou contraprestacións para o beneficiario que anulen ou fagan irrelevante aquela.

Nos casos previstos no parágrafo anterior, farase constar tal circunstancia nos pregos de condicións ou nas cláusulas da concesión, autorización ou adxudicación.

Artigo 62. *Devengo.*

O devengo da taxa producirase co outorgamento inicial e co mantemento anual da concesión, autorización ou adxudicación e será esixible na contía que corresponda e nos prazos que se sinalen nas condicións da dita concesión, autorización ou adxudicación.

Artigo 63. *Suxeitos pasivos.*

Serán suxeitos pasivos da taxa os concesionarios, persoas autorizadas ou adxudicatarios ou, se é o caso, os que se subrogen en lugar daqueles.

Artigo 64. *Bases e tipos de gravame.*

1. Sen prexuízo do establecido no punto seguinte deste artigo, establécense as seguintes bases en relación cos distintos supostos de utilización do dominio público:

a) Nos casos de utilización privativa de bens do dominio público, a base da taxa será o valor do terreo e, se é o caso, das instalacións ocupadas tomando como referencia o valor de mercado dos terreos contiguos ou a utilidade derivada dos bens ocupados.

b) Nos casos de aproveitamentos especiais de bens do dominio público, a base da taxa tomará como referencia a utilidade que reporte o aproveitamento.

Cando se utilicen procedementos de licitación pública, a base de taxa a que se refiren as letras anteriores virá determinada polo valor económico da proposición sobre a que recaía a concesión, autorización ou adxudicación; de non concorreren tales procedementos, a base determinarase por orde ministerial.

2. Cando nos pregos de condicións ou clausulado da concesión, autorización ou adxudicación se lle impuxesen determinadas obrigas ou contraprestacións ó beneficiario que minorasen a utilidade económica para este, a base da taxa deberá ser reducida na mesma proporción, sen prexuízo do previsto no punto 3 do precepto regulador do feito imponible da taxa.

3. O tipo de gravame anual será do 5 por 100 e do 100 por 100, respectivamente, sobre o valor da base resultante nos casos previstos nas alíneas a) e b) do primeiro punto deste artigo.

Artigo 65. *Xestión e recadación.*

A xestión e recadación da taxa corresponderalles ós órganos competentes nos distintos departamentos ministeriais ou organismos para o outorgamento das concesións, autorizacións e adxudicacións, conforme a normativa en materia de xestión tributaria.

TÍTULO II

Modificación da Lei reguladora das facendas locais

Artigo 66. *Modificación da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.*

Modifícanse os artigos 20, 21, 23, 24, 25, 26, 27, 41, 44, 45, 46, 47, 58, 117, 122 e 129, así como a disposición adicional sexta da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, que quedan redactados nos termos seguintes:

«Artigo 20.

1. As entidades locais, nos termos previstos nesta lei, poderán establecer taxas pola utilización privativa ou polo aproveitamento especial do dominio público local, así como pola prestación de servizos públicos ou pola realización de actividades administrativas de competencia local que se refiran, afecten ou beneficien de modo particular ós suxeitos pasivos.

En todo caso, terán a consideración de taxas as prestacións patrimoniais que establezan as entidades locais pola:

A) Utilización privativa ou polo aproveitamento especial do dominio público local.

B) Prestación dun servizo público ou pola realización dunha actividade administrativa en réxime de dereito público de competencia local que se refira, afecte ou beneficie de modo particular ó suxeito pasivo, cando se produza calquera das circunstancias seguintes:

a) Que non sexan de solicitude ou recepción voluntaria para os administrados. Para estes efectos non se considerará voluntaria a solicitude ou a recepción por parte dos administrados:

Cando veña imposta por disposicións legais ou regulamentarias.

Cando os bens, servizos ou actividades requiridos sexan imprescindibles para a vida privada ou social do solicitante.

b) Que non sexan prestados ou realizados polo sector privado, estea ou non establecida a súa reserva a favor do sector público conforme a normativa vixente.

2. Entenderase que a actividade administrativa ou o servizo afecta ou refírese ó suxeito pasivo cando fose motivado directa ou indirectamente por el en razón de que as súas actuacións ou omisións obriguen as entidades locais a realizaren de oficio actividades ou prestaren servizos por razóns de seguridade, salubridade, de abastecemento da poboación ou de orde urbanística, ou calquera outra.

3. Conforme o previsto no número 1 anterior, as entidades locais poderán establecer taxas por calquera suposto de utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, e en particular polos seguintes:

a) Sacas de area e doutros materiais de construción en terreos de dominio público local.

b) Construción en terreos de uso público local de pozos de neve ou de cisternas ou alxibes onde se recollan as augas pluviais.

c) Balnearios e outros disfrutes de augas que non consistan no uso común das públicas.

d) Vertido e desaugamento de canlóns e outras instalacións análogas en terreos de uso público local.

e) Ocupación do subsolo de terreos de uso público local.

f) Apertura de gabias, exploracións e calas en terreos de uso público local, inclusive estradas, camiños e demais vías públicas locais, para a instalación e reparación de canos, conduccións e outras instalacións, así como calquera remoción de pavimento ou das beirarrúas na vía pública.

g) Ocupación de terreos de uso público local con mercadorías, materiais de construción, entullos, valos puntais, cabaletes, estadas e outras instalacións análogas.

h) Entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

i) Instalación de reixas de pisos, lucernarios, respiradoiros, portas de entrada, bocas de carga ou elementos análogos que ocupen o solo ou subsolo de toda clase de vías públicas locais, para dar luces, para ventilar, para acceder persoas ou para meter artigos en sotos ou semisotos.

j) Ocupación do voo de toda clase de vías públicas locais con elementos constructivos pechados, terrazas, miradoiros, balcóns, marquesiñas, toldos, paraventos e outras instalacións semellantes,

que voen sobre a vía pública ou que sobresaian da liña de fachada.

k) Tendidos, encanamentos e galerías para as conduccións de enerxía eléctrica, auga, gas ou calquera outro fluído incluídos os postes para liñas, cables, illadores, caixas de amarre, de distribución ou de rexistro, transformadores, raís, básculas, aparellos para venda automática e outros análogos que se establezan sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público local ou voen sobre eles.

l) Ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas, estrados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa.

m) Instalación de quioscos na vía pública.

n) Instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou lecer, situados en terreos de uso público local así como industrias de rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica.

ñ) Portadas, escaparates e vitrinas.

o) Rodaxe e arrastre de vehículos que non se encontren gravados polo imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

p) Tránsito de gando sobre vías públicas ou terreos de dominio público local.

q) Muros de contención ou sostemento de terras, edificacións ou cercas, xa sexan definitivas ou provisionais, en vías públicas locais.

r) Depósitos e aparellos distribuidores de combustible e, en xeral, de calquera artigo ou mercadería, en terreos de uso público local.

s) Instalación de anuncios que ocupen terreos de dominio público local ou visibles desde estradas, camiños veciñais, e demais vías públicas locais.

t) Construción en estradas, camiños e demais vías públicas locais de bueiros e pasos sobre fochas e en terrapléns para vehículos de calquera clase, así como para o paso do gando.

u) Estacionamento de vehículos de tracción mecánica nas vías dos municipios dentro das zonas que para tal efecto se determinen e coas limitacións que se puidesen establecer.

4. Conforme o previsto no número 1 anterior, as entidades locais poderán establecer taxas por calquera suposto de prestación de servizos ou de realización de actividades administrativas de competencia local, e en particular polos seguintes:

a) Documentos que expidan ou dos que entendan as administracións ou autoridades locais, por instancia de parte.

b) Autorización para utilizar en placas, patentes e outros distintivos análogos o escudo da entidade local.

c) Outorgamento de licencias ou autorizacións administrativas de autotaxis e demais vehículos de aluguer.

d) Gardería rural.

e) Voz pública.

f) Vixilancia especial dos establecementos que o soliciten.

g) Servizos de competencia local que especialmente sexan motivados pola celebración de espectáculos públicos, grandes transportes, pasos de caravana e calquera outra actividade que esixa a prestación dos ditos servizos especiais.

h) Outorgamento das licencias urbanísticas esixidas pola lexislación do solo e ordenación urbana.

i) Outorgamento das licencias de apertura de establecementos.

j) Inspección de vehículos, caldeiras de vapor, motores, transformadores, ascensores, montacar-

gas e outros aparellos e instalacións análogas de establecementos industriais e comerciais.

k) Servicios de prevención e extinción de incendios, de prevención de ruínas, construcións e derrubamentos, salvamentos e, en xeral, de protección de persoas e bens, incluíndo tamén o mantemento do servizo e a cesión do uso de maquinaria e equipo adscritos a estes servizos, tales como escalas, cubas, motobombas, barcas, etcétera.

l) Servicios de inspección sanitaria así como os de análises químicas, bacteriolóxicas e calquera outra de natureza análoga e, en xeral, servizos de laboratorios ou de calquera outro establecemento de sanidade e hixiene das entidades locais.

m) Servizos de sanidade preventiva, desinfección, desinsectación, desratización e destrución de calquera clase de materias e produtos contaminantes ou propagadores de xermes nocivos para a saúde pública prestados a domicilio ou por encarga.

n) Asistencias e estadias en hospitais, en clínicas ou en sanatorios médico-cirúrxicos, psiquiátricos e especiais, dispensarios, centros de recuperación e rehabilitación, ambulancias sanitarias e noutros servizos análogos, e demais establecementos benéfico-asistenciais das entidades locais, mesmo cando os gastos deban ser sufragados por outras entidades de calquera natureza.

ñ) Asistencias e estadias en fogares e residencias de anciáns, garderías infantís, albergues e outros establecementos de natureza análoga.

o) Casas de baños, duchas, piscinas, instalacións deportivas e outros servizos análogos.

p) Cemiterios locais, condución de cadáveres e outros servizos fúnebres de carácter local.

q) Colocación de encanamentos, fíos condutores e cables en postes ou en galerías de servizo da titularidade de entidades locais.

r) Servizos de rede de sumidoiros, así como de tratamento e depuración de augas residuais, incluída a vixilancia especial de sumidoiros particulares.

s) Recollida de residuos sólidos urbanos, o seu tratamento e a súa eliminación, limpeza de pozos negros e en rúas particulares.

t) Distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas, cando tales servizos ou subministracións sexan prestados por entidades locais.

u) Servizo de matadoiro, lonxas e mercados, así como a carrega de carnes se se tivese que utilizar dun modo obrigatorio; e servizos de inspección en materia de abastos, incluída a utilización de medios de pesar e medir.

v) Ensinanzas especiais en establecementos docentes das entidades locais.

w) Visitas a museos, exposicións, bibliotecas, monumentos históricos ou artísticos, parques zoolóxicos ou outros centros ou lugares análogos.

x) Utilización de columnas, carteis e outras instalacións locais análogas para a exhibición de anuncios.

y) Areamento das vías públicas por solicitude dos particulares.

z) Realización de actividades singulares de regulación e control do tráfico urbano, tendentes a facilita-la circulación de vehículos e distintas ás habituais de sinalización e ordenación do tráfico pola Policía Municipal.

Artigo 21.

1. As entidades locais non poderán esixir taxas polos servizos seguintes:

- a) Abastecemento de augas en fontes públicas.
- b) Iluminación de vías públicas.
- c) Vixilancia pública en xeral.
- d) Protección civil.
- e) Limpeza da vía pública.
- f) Ensino nos niveis de educación obrigatoria.

2. O Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais non estarán obrigados ó pagamento das taxas por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público polos aproveitamentos inherentes ós servizos públicos de comunicacións que exploten directamente e por tódolos que inmediatamente interesen para a seguridade cidadá ou para a defensa nacional.»

«Artigo 23.

1. Son suxeitos pasivos das taxas, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria:

a) Que disfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos previstos no artigo 20.3 desta lei.

b) Que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades locais que presten ou realicen as entidades locais, consonte algún dos supostos previstos no artigo 20.4 desta lei.

2. Terán a condición de substitutos do contribuínte:

a) Nas taxas establecidas por razón de servizos ou actividades que beneficien ou afecten os ocupantes de vivendas ou locais, os propietarios dos ditos inmobles, os cales poderán repercutir, se é o caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

b) Nas taxas establecidas polo outorgamento das licencias urbanísticas previstas na normativa sobre solo e ordenación urbana, os constructores e contratistas de obras.

c) Nas taxas establecidas pola prestación de servizos de prevención e extinción de incendios, de prevención de ruínas, construcións e derrubamentos, salvamentos e, en xeral, de protección de persoas e bens, incluíndo tamén o mantemento do servizo, as entidades ou sociedades aseguradoras do risco.

d) Nas taxas establecidas pola utilización privativa ou polo aproveitamento especial por entradas de vehículos ou carruaxes a través das beirarrúas e pola súa construción, mantemento, modificación ou supresión, os propietarios dos predios e locais a que dean acceso as ditas entradas de vehículos, os cales poderán repercutir, se é o caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

Artigo 24.

1. O importe das taxas previstas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local fixarase tomando como referencia o

valor que tería no mercado a utilidade derivada da dita utilización ou aproveitamento, se os bens afectados non fosen de dominio público. Para tal fin, as ordenanzas fiscais poderán sinalar en cada caso, atendendo a natureza específica da utilización privativa ou do aproveitamento especial de que se trate, os criterios e parámetros que permitan defini-lo valor de mercado da utilidade derivada.

Cando se utilicen procedementos de licitación pública, o importe da taxa virá determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaía a concesión, a autorización ou a adjudicación.

Cando se trate de taxas por utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, en favor de empresas explotadoras de servicios de subministracións que afecten a xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, o importe daquelas consistirá, en todo caso e sen ningunha excepción, no 1,5 por 100 dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente en cada termo municipal as referidas empresas. Estas taxas son compatibles con outras que poidan ser establecidas pola prestación de servicios ou pola realización de actividades de competencia local, das que as mencionadas empresas deban ser suxeitos pasivos conforme o establecido no artigo 23 desta lei.

2. En xeral, e de acordo co previsto no parágrafo seguinte, o importe das taxas pola prestación dun servicio ou pola realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do custo real ou previsible do servicio ou actividade de que se trate o, no seu defecto, do valor da prestación recibida.

Para a determinación do dito importe tomaranse en consideración os custos directos e indirectos, inclusive os de carácter financeiro, amortización do inmovilizado e, se é o caso, os necesarios para garanti-lo mantemento e un desenvolvemento razoable do servicio ou actividade pola prestación ou realización do cal se esixe a taxa, todo iso con independencia do orzamento ou organismo que o satisfaga. O mantemento e o desenvolvemento razoable do servicio ou actividade de que se trate calcularase de acordo co orzamento e proxecto aprobados polo órgano competente.

3. A cota tributaria consistirá, segundo dispoña a correspondente ordenanza fiscal, en:

- a) A cantidade resultante de aplicar unha tarifa,
- b) Unha cantidade fixa sinalada para o efecto, ou
- c) A cantidade resultante da aplicación conxunta de ambos procedementos.

4. Para a determinación da contía das taxas poderanse ter en conta criterios xenéricos de capacidade económica dos suxeitos obrigados a satisfacelas.

5. Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial comporte a destrución ou a deterioración do dominio público local, o beneficiario, sen prexuízo do pagamento da taxa a que houber lugar, estará obrigado ó reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación e ó depósito previo do seu importe.

Se os danos fosen irreparables, a entidade será indemnizada na mesma contía cá do valor dos bens

destruídos ou cá do importe da deterioración dos danados.

As entidades locais non poderán condonar total nin parcialmente as indemnizacións e reintegros a que se refire o presente punto.

Artigo 25.

Os acordos de establecemento de taxas pola utilización privativa ou polo aproveitamento especial do dominio público, ou para financiar total ou parcialmente os novos servicios, deberanse adoptar á vista de informes técnico-económicos nos que se poña de manifesto o valor de mercado ou a previsible cobertura do custo daqueles, respectivamente.

Artigo 26.

1. As taxas poderanse devengar, segundo a natureza do seu feito imponible e conforme determine a respectiva ordenanza fiscal:

a) Cando se inicie o uso privativo ou o aproveitamento especial, ou cando se inicie a prestación do servicio ou a realización da actividade, aínda que en ámbolos casos se poderá esixi-lo depósito previo do seu importe total ou parcial.

b) Cando se presente a solicitude que inicie a actuación ou o expediente, que non se realizará ou tramitará sen que se efectuase o pagamento correspondente.

2. Cando a natureza material da taxa esixa o devengo periódico desta, e así se determine na correspondente ordenanza fiscal, este terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural, agás nos supostos de inicio ou cesamento na utilización privativa, no aproveitamento especial ou no uso do servicio ou actividade, caso en que o período impositivo se axustará a esa circunstancia co conseguinte rateo da cota, nos termos que se establezan na correspondente ordenanza fiscal.

3. Cando por causas non imputables ó suxeito pasivo, o servicio público, a actividade administrativa ou o dereito á utilización ou ó aproveitamento do dominio público non se preste ou desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente.

Artigo 27.

1. As entidades locais poderán esixi-las taxas en réxime de autoliquidación.

2. As entidades locais poderán establecer convenios de colaboración con entidades, institucións e organizacións representativas dos suxeitos pasivos das taxas, co fin de simplificalo cumprimento das obrigas formais e materiais derivadas daquelas, ou os procedementos de liquidación ou recadación.»

«Artigo 41.

As entidades locais poderán establecer prezos públicos pola prestación de servicios ou a realización de actividades da competencia da entidade local, sempre que non concorran ningunha das circunstancias especificadas na alínea b), do artigo 20.1 desta lei.»

«Artigo 44.

Estarán obrigados ó pagamento dos prezos públicos os que se beneficien dos servizos ou actividades polos que se deban satisfacer aqueles.

Artigo 45.

1. O importe dos prezos públicos deberá cubrir como mínimo o custo do servizo prestado ou da actividade realizada.

2. Cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a entidade poderá fixar prezos públicos por debaixo do límite previsto no número anterior. Nestes casos deberanse consignar nos orzamentos da entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante se a houber.

Artigo 46.

As entidades locais poderán esixir-las prezos públicos en réxime de autoliquidación.

Artigo 47.

1. A obriga de paga-lo prezo público nace desde que se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade, se ben as entidades poderán esixir-lo depósito previo do seu importe total ou parcial.

2. Cando por causas non imputables ó obrigado ó pagamento do prezo, o servizo ou a actividade non se preste ou desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente.

3. As débedas por prezos públicos poderanse esixir polo procedemento administrativo de constrinximento.»

«Artigo 58.

Os concellos poderán establecer e esixir taxas pola prestación de servizos ou pola realización de actividades da súa competencia e pola utilización privativa ou polo aproveitamento especial dos bens do dominio público municipal, segundo as normas contidas na sección 3.^a do capítulo III do título I da presente lei.»

«Artigo 117.

Os concellos poderán establecer e esixir prezos públicos pola prestación de servizos ou pola realización de actividades de competencia municipal, segundo as normas contidas no capítulo VI do título I da presente lei.»

«Artigo 122.

As deputacións provinciais poderán establecer e esixir taxas pola prestación de servizos ou pola realización de actividades da súa competencia, e pola utilización privativa ou polo aproveitamento especial de bens do dominio público provincial segundo as normas contidas na sección 3.^a do capítulo III do título I da presente lei, agás o disposto no parágrafo terceiro do artigo 24.1.»

«Artigo 129.

As deputacións provinciais poderán establecer e esixir prezos públicos pola prestación de servizos ou pola realización de actividades da súa competencia, segundo as normas contidas no capítulo VI do título I da presente lei.»

«Disposición adicional sexta.

Cando pola prestación dun servizo ou pola realización dunha actividade se estea esixindo o pagamento dun prezo público de carácter periódico, e por variación das circunstancias en que o servizo se presta ou a actividade se realiza se deba esixir-lo pagamento dunha taxa, non será preciso realiza-la notificación individual a que se refire o artigo 124 da Lei xeral tributaria, sempre que o suxeito pasivo e a cota da taxa coincidan co obrigado ó pagamento e co importe do prezo público ó que substitúe.

O disposto no parágrafo anterior será de aplicación mesmo no suposto de que a cota da taxa resulte incrementada respecto do importe do prezo público ó que substitúa, sempre que tal incremento se corresponda cunha actualización de carácter xeral.»

Disposición adicional primeira. *Taxa pola venda de impresos, programas e aplicacións informáticas.*

A prestación patrimonial que percibirá a Axencia Estatal de Administración Tributaria pola venda de impresos, programas e aplicacións informáticas ten a natureza de taxa, regulándose nos termos previstos no artigo 59 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Disposición adicional segunda. *Modificación das taxas por inscrición e de acreditación catastral.*

1. A alínea b) do número tres do artigo 33 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, quedará redactado como segue:

«b) Na taxa de acreditación catastral, a expedición pola Dirección Xeral do Catastro ou polas Xerencias Territoriais, e por instancia de parte, de certificacións ou calquera outro documento no que figuren datos físicos, xurídicos ou económicos que consten nos catastros inmobiliarios rústicos e urbanos, relativos a bens situados no ámbito territorial da taxa, así como a expedición de certificacións que acrediten a inexistencia de tales datos nos citados catastros.

A entrega e utilización de información catastral gráfica e alfanumérica estarán suxeitas á lexislación sobre a propiedade intelectual. Os dereitos de autor corresponderán, en todo caso, á Administración xeral do Estado.

De conformidade co establecido nos artigos 4.3 e 37 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o dereito de acceso á información catastral poderá ser dene-

gado de forma motivada pola Dirección Xeral do Catastro cando o seu exercicio lles poida causar un prexuízo grave ós seus intereses ou ó cumprimento das súas propias funcións ou afecta-la eficacia do funcionamento do servizo público.»

2. O número catro do artigo 33 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, quedará redactado como segue:

«Catro. O Estado, as administracións públicas e os demais entes públicos territoriais e institucionais estarán exentos da taxa de inscrición catastral cando actúan en interese propio e directo para o cumprimento dos seus fins e da de acreditación catastral sempre que, ademais, necesiten dispoñer de información catastral para o exercicio das súas competencias. Estas exencións concederanse logo de petición da entidade interesada, que deberá acreditar-la concorrencia dos requisitos anteriormente indicados.

Estas mesmas entidades estarán exentas da taxa de acreditación catastral, nos supostos de entrega e utilización de información catastral cando a dita información se destine á tramitación de procedementos iniciados por instancia de parte que teñan por obxecto a concesión de axudas e subvencións públicas.

Así mesmo, estarán exentas desta última taxa as institucións que soliciten a información catastral para a tramitación dos procedementos de asistencia xurídica gratuíta e os notarios e rexistradores respecto ós relativos á xestión da referencia catastral nos casos previstos nos artigos 51.tres e 53.un da presente lei, así como os que asinasen coa Dirección Xeral do Catastro un convenio ou acordo de colaboración para o mantemento, actualización ou xeración da información catastral.»

3. Engádenselle á alínea b) do número sete do artigo 33 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas administrativas, fiscais e da orde social tres novos parágrafos coa seguinte redacción:

«Emporiso, para os documentos que especificamente se relacionan, que se subministrarán nos formatos e soportes dispoñibles na Dirección Xeral do Catastro, as contías da taxa serán as seguintes:

Copia de ortofotografías en papel fotográfico ou diapositiva: 5.000 pesetas/unidade.

Copia de ortofotografías en papel opaco: 2.000 pesetas/unidade.

Copia de fotografía aérea en positivo por contacto: 1.500 pesetas/unidade.

Copia de fotografía aérea en papel opaco: 1.000 pesetas/unidade.

Copia de cartografía en papel opaco DIN A-3 ou DIN A-4: 1.000 pesetas/unidade.

Copia de cartografía en papel opaco en tamaño superior a DIN A-3: 2.000 pesetas/unidade.

Copia de cartografía en papel reproducibile: 5.000 pesetas/unidade.

Copia de cartografía dixitalizada urbana: 500 pesetas/hectárea.

Copia de cartografía dixitalizada rústica: 20 pesetas/hectárea.

Información alfanumérica dixital urbana e rústica: 10 pesetas rexistro.

Expedición de copias de información non gráfica de expedientes: 50 pesetas/folla.

Nas certificacións catastrais descritivas e gráficas referidas unicamente a unha unidade urbana ou unha parcela rústica, a contía será de 2.000 pesetas por documento expedido.

Nas certificacións catastrais que incorporen datos cunha antigüidade superior a cinco anos, a contía da taxa incrementárase en 5.000 pesetas por cada documento expedido.»

Disposición adicional terceira. *Contías esixibles en 1998 das taxas reguladas no título I desta lei.*

1. As contías esixibles polas taxas reguladas no título I da presente lei serán as resultantes de lles aplicar ás vixentes durante 1997 o coeficiente de actualización previsto na Lei de orzamentos xerais do Estado para 1998.

2. Sen prexuízo do disposto no número anterior a partir da entrada en vigor da presente lei:

a) No caso da taxa por expedición de cartografía náutica, prevista na sección 2.^a do capítulo V do título I, as contías esixibles serán as recollidas no artigo 42 da presente lei, e

b) No caso da taxa pola prestación de servizos do organismo autónomo Fondo de Explotación dos Servizos de Cría Cabalar e Remonta, prevista na sección 3.^a do capítulo V do título I, as contías esixibles serán as recollidas no artigo 49 da presente lei.

3. A tarifa B.2 da taxa por prestación de servizos e utilización do dominio público aeroportuario, así como aquelas outras tarifas dela que se recaden mediante caixeiros automáticos habilitados para estes efectos, poderán ser arredondeadas, trala aplicación ás vixentes durante 1997 do coeficiente de actualización previsto na Lei de orzamentos xerais do Estado para 1998 ó múltiplo de 25 máis próximo.

Disposición adicional cuarta. *Xestión de taxas que se pagarán mediante o emprego de efectos timbrados.*

1. Na segunda quincena de cada mes, o órgano designado para o efecto por cada departamento ministerial ou organismo autónomo, remitiralle ó departamento de Recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria certificación, referida ó mes anterior, do importe recadado por taxas que se pagará mediante o emprego de efectos timbrados, utilizando para tal efecto o modelo que aproba o dito departamento e sen prexuízo da conservación, polos órganos xestores, dos xustificantes dos ingresos efectuados.

2. Unha vez recibidas estas certificacións, o departamento de Recadación comunicarlle á Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira os datos precisos para os efectos de que esta realice as operacións de formalización que procedan.

Disposición adicional quinta.

Engádeselle un novo punto 2 ó artigo 122 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, que quedaría redactado nos seguintes termos:

«As deputacións provinciais seguirán editando e publicando o “Boletín Oficial” da provincia, e para tal efecto poderán establecer e esixir taxas e prezos pola inserción de anuncios e edictos, así como a subscrición e venda de exemplares.»

Disposición adicional sexta.

O artigo 25 da Lei 29/1987, do 18 de novembro, do imposto sobre sucesións e doazóns, quedará redactado así:

«A prescrición aplicarase de acordo co previsto nos artigos 64 e seguintes da Lei xeral tributaria.»

Disposición adicional sétima.

Engádesse un novo punto 15 ó artigo 45.I.B) do texto refundido da Lei do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, coa seguinte redacción:

«15. Os depósitos en efectivo e os préstamos, calquera que sexa a forma en que se instrumenten, mesmo os representados por obrigas de pagamento, bonos, obrigacións e títulos análogos. A exención estenderase á transmisión posterior dos títulos que documenten o depósito ou o préstamo, así como o gravame sobre actos xurídicos documentados que recaen sobre obrigas de pagamento, bonos, obrigacións e demais títulos análogos emitidos en serie, por prazo non superior a dezaoto meses, representativos de capitais alleos polos que se satisfaga unha contraprestación por diferenza entre o importe pagado na emisión e o comprometido a reembolsar ó vencemento, incluídos os préstamos representados por bonos de caixa emitidos polos bancos industriais ou de negocios.»

Disposición adicional oitava. *Tarifa de aproximación.*

Un. O número seis do artigo 15 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, quedará redactado como segue:

«Seis. A tarifa unitaria será fixada anualmente polo Ministerio de Fomento, en función dos custos do servizo e do número de aeronaves estimadas que fagan uso do dito servizo.

A dita tarifa unitaria será bonificada no exercicio 1998 nun 67 por 100 do seu importe e en 1999 nun 34 por 100 do seu importe, e aplicarase na súa integridade a partir do 1 de xaneiro do ano 2000.

1. Como consecuencia da dita bonificación, para o exercicio 1998, a tarifa unitaria queda reducida ás seguintes cantidades:

Os aeroportos de Madrid/Barajas, Barcelona, Gran Canaria, Málaga, Palma de Mallorca, Tenerife/Sur, Alacant, Lanzarote, Sevilla, Valencia, Menorca e Eivisa: 202 pesetas.

Os aeroportos de Bilbao, Santiago, Fuerteventura e Tenerife/Norte: 182 pesetas.

Os aeroportos de Almería, Asturias, Girona, Granada, La Palma, Santander, Zaragoza, Córdoba, A Coruña, El Hierro, Madrid/Cuatro Vientos, Melilla, Pamplona, San Sebastián-Donostia, Vigo, Vitoria-Gasteiz, Badajoz, Jerez, Murcia/San Javier, Reus, Valladolid, Salamanca, Sabadell, Son Bonet e o resto dos aeroportos xestionados polo ente público Aeroportos Españois e Navegación Aérea non incluídos nos puntos anteriores: 152 pesetas.

2. A presente clasificación poderá ser modificada polo Ministerio de Fomento en función do tráfico que soporten.»

Dous. O número sete do artigo 15 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, quedará redactado como segue:

«Sete. A xestión e cobro da presente tarifa correspóndelle ó ente público Aeroportos Españois e Navegación Aérea. Malia o anterior, poderase encomenda-lo cálculo, a facturación, a contabilidade e o cobro da presente tarifa á Organización Europea para a Seguridade da Navegación Aérea (EUROCONTROL), conforme o disposto no artigo 15 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e no artigo 3.º, 2, I) do Acordo multilateral do 12 de febreiro de 1981, relativo ás tarifas por axudas á navegación aérea, ratificado por Instrumento do 14 de abril de 1987, publicado no «Boletín Oficial del Estado» número 138, do 10 de xuño, tal xestión e o cobro rexeranse polo dito acordo multilateral, e polo disposto no Decreto 1675/1972, do 28 de xuño, sobre tarifas por uso da rede de axudas, publicado no «Boletín Oficial del Estado» número 158, do 3 de xullo, e polas disposicións que se dicten de acordo con eles.»

Disposición transitoria primeira. *Réxime aplicable ás utilizacións privativas e aproveitamentos especiais do dominio público estatal existentes á entrada en vigor da lei.*

A taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial de bens do dominio público estatal, regulada no capítulo VIII do título I da presente lei, non será de aplicación para as utilizacións privativas ou para os aproveitamentos especiais de tales bens que fosen concedidas, autorizadas ou adxudicadas con anterioridade á vixencia da presente lei.

Disposición transitoria segunda. *Réxime transitorio das taxas e prezos públicos locais.*

1. Antes do 1 de xaneiro de 1999, as entidades locais deberán aprobar definitivamente e publica-los acordos precisos de imposición e ordenación de tributos co obxecto de poderen esixir taxas de acordo coas modificacións introducidas pola presente lei na sección 3.ª do capítulo III do título I da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais. Así mesmo e antes da data indicada, as respectivas corporacións deberán aprobar definitivamente e publica-los acordos precisos co obxecto de poderen esixir prezos públicos de acordo coas ditas normas.

Entrementres, e ata a data indicada, as entidades locais poderán continuar esixindo taxas e prezos públicos de acordo coa normativa anterior.

2. As modificacións a que se refire o punto anterior enténdense sen prexuízo do dereito das entidades locais a esixiren, de acordo coa normativa modificada, as débedas devengadas ó abeiro desta.

3. As taxas que resulten do previsto no número 1 anterior e sexan consecuencia da transformación de prezos públicos non estarán suxeitas ó requisito de notificación individual a que se refire o artigo 124 da Lei xeral tributaria, sempre que sexan de carácter periódico e o suxeito pasivo e a cota da taxa coincidan co obrigado ó pagamento e co importe do prezo público ó que substitúe.

O disposto no parágrafo anterior será de aplicación aínda no suposto en que a cota da taxa resulte incrementada respecto do importe do prezo público ó que substitúa, sempre que tal incremento se corresponda cunha actualización de carácter xeral.

Disposición derogatoria única. *Réxime derogatorio.*

Á entrada en vigor da presente lei, e sen prexuízo do previsto na disposición transitoria segunda desta lei, quedan derogadas cantas disposicións legais e regulamentarias se opoñan a ela e en particular:

a) O Real decreto-lei 2/1996, do 26 de xaneiro, sobre determinadas prestacións patrimoniais de carácter público xestionadas pola Administración xeral do Estado e os entes públicos dependentes dela.

b) O artigo 5 e disposición adicional primeira da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

c) O artigo 43 da Lei 39/1988, do 30 de decembro, reguladora das facendas locais.

d) Os artigos 20 ó 25, ambos inclusive, do Decreto 3059/1966, do 1 de decembro, polo que se aproba o texto refundido de taxas fiscais.

e) A orde do 13 de outubro de 1994, pola que se regulan os prezos públicos da Dirección Xeral do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributaria pola distribución pública de información catastral cartográfica e alfanumérica.

f) Quedan derogados o número 5 do artigo 46 do Real decreto lexislativo 1/1993, do 24 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, e o artigo 19 da Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns.

Disposición derradeira primeira. *Taxas vixentes.*

As taxas esixibles pola Administración estatal serán as seguintes:

a) As taxas que figuran no título I da presente lei e as que sexan esixibles por razón do servizo postal.

b) As denominadas taxas fiscais e taxa fiscal que grava os xogos de sorte, envite ou azar, a regulación básica dos cales está constituída, respectivamente, polo texto refundido aprobado polo Decreto 3059/1966, do 1 de decembro, e polo Real decreto-lei 16/1977, do 25 de febreiro, sen prexuízo do previsto, respecto das primeiras, na disposición derogatoria.

c) A taxa por dereitos de exame, prevista no artigo 18 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

d) As que aparecen citadas na listaxe seguinte, na que, para cada departamento ministerial de adscrición, se identifica a taxa e a súa norma básica de creación ou validación:

1. Ministerio de Asuntos Exteriores: taxas consulares (Lei 7/1987, do 29 de maio).

2. Ministerio de Xustiza: taxas administrativas (Decreto 1034/1959, do 18 de xuño).

3. Ministerio de Economía e Facenda:

Taxas que percibe a Dirección Xeral de Seguros por valoración de inmobles afectos a reservas das entidades de seguro e aforros (Decreto 659/1960, do 31 de marzo).

Taxas e exaccións parafiscais do Instituto Nacional de Estatística (Decreto 505/1960, do 17 de marzo).

Taxa por expedición do título de técnico de empresas e actividades turísticas (Lei 22/1993, do 29 de decembro).

Taxas da Comisión Nacional do Mercado de Valores (Lei 22/1993, do 23 de decembro).

Taxas de inscrición e acreditación catastral (Lei 13/1996, do 30 de decembro).

Taxa por expedición do diploma de mediador de seguros titulado (Lei 9/1992, do 30 de abril).

Taxa de inscrición no Rexistro Oficial de Entidades ZEC (Lei 19/1994, do 6 de xuño).

Taxa anual de permanencia no Rexistro Oficial de Entidades ZEC (Lei 19/1994, do 6 de xuño).

Taxa da Lei de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria (Lei 13/1998, do 4 de maio).

4. Ministerio do Interior:

Taxa por expedición de pasaportes (Decreto 466/1960, do 10 de marzo).

Recoñecementos, autorizacións e concursos (Decreto 551/1960, do 24 de marzo; Real decreto 766/1992, do 26 de xuño, e Real decreto 539/1993, do 13 de abril).

Servicios da Xefatura Central de Tráfico (Lei 16/1979, do 2 de outubro).

Expedición e obtención do documento nacional de identidade (Lei 84/1978, do 28 de decembro).

Prestación de servizos e actividades en materia de seguridade privada (Lei 13/1996, do 30 de decembro).

Taxas por expedición de guías de circulación para máquinas recreativas e de azar dos tipos A, B e C en todo o territorio español (Lei 13/1996, do 30 de decembro).

Taxas por inscrición e publicidade de asociacións (Lei 13/1996, do 30 de decembro).

5. Ministerio de Fomento:

Taxa pola prestación de servizos de control metroloxico (Lei 66/1997, do 30 de decembro).

Taxa pola expedición de títulos profesionais marítimos e de lecer (Lei 66/1997, do 30 de decembro).

Taxas dos laboratorios do Ministerio de Obras Públicas (Decreto 136/1960, do 4 de febreiro).

Taxa por gastos e remuneracións en dirección e inspección de obras (Decreto 137/1960, do 4 de febreiro).

Taxa por explotación de obras e servizos (Decreto 138/1960, do 4 de febreiro).

Taxa por redacción de proxectos, confrontación e taxación de obras e proxectos (Decreto 139/1960, do 4 de febreiro).

Taxa por informes e outras actuacións (Decreto 140/1960, do 4 de febreiro).

Taxas por outorgamento, rehabilitación, visado ou modificación das autorizacións de transporte por estrada e actividades auxiliares e complementarias deste (Lei 13/1996, do 30 de decembro).

Taxa por recoñecemento da capacitación profesional para o exercicio das actividades de transporte e auxiliares e complementarias deste (Lei 13/1996, do 30 de decembro).

Taxa por servizos administrativos (Lei 13/1996, do 30 de decembro).

Taxas académicas da Escola Oficial de Telecomunicación (Decreto 468/1960, do 10 de marzo).

Taxas académicas das Escolas Oficiais de Náutica (Lei 144/1961, do 23 de decembro).

Dereitos aeroportuarios nos aeroportos nacionais (Real decreto 1064/1991, do 5 de xullo).

Taxa de seguridade aeroportuaria (Lei 13/1996, do 30 de decembro).

Tarifas de aproximación (Lei 66/1997, do 30 de decembro).

Taxas por prestación de servizos e realización de actividades en materia de navegación aérea (Lei 66/1997, do 30 de decembro).

Taxas pola prestación de servizos de inspección e control radiomarítimo pola Dirección Xeral da Mariña Mercante (Lei 66/1997, do 30 de decembro).

Taxa por servizos de inspección e control (Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da Mariña Mercante).

Taxa de inscrición no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras (Lei 27/1992, do 24 de novembro).

Taxa de baixa no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras (Lei 27/1992, do 24 de novembro).

Taxa anual de permanencia no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras (Lei 27/1992, do 24 de novembro).

Canon por ocupación ou aproveitamento do dominio público portuario (Lei 27/1992, do 24 de novembro).

Canon de actividade pola prestación de servizos ó público e o desenvolvemento de actividades industriais ou comerciais (Lei 27/1992, do 24 de novembro).

Taxa por autorizacións xerais e licencias individuais para a prestación de servizos a terceiros (Lei 11/1998, do 24 de abril).

Taxas por numeración (Lei 11/1998, do 24 de abril).

Taxas por reserva do dominio público radioeléctrico (Lei 11/1998, do 24 de abril).

Taxas de telecomunicacións (Lei 11/1998, do 24 de abril).

Canons por ocupación ou uso especial do dominio público e por explotación de áreas de servizo en estradas (Lei 25/1988, do 29 de xullo, de estradas).

Canon de utilización da infraestrutura ferroviaria (artigo 104 da Lei 66/1997, do 30 de decembro).

6. Ministerio de Medio Ambiente:

Canon de vertidos autorizados (Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas).

Canon de utilización dos bens do dominio público hidráulico (Lei 29/1985, do 2 de agosto).

Canon por obras de regulación de augas superficiais ou subterráneas e exacción por beneficios derivados doutras obras hidráulicas para a utilización do dominio público hidráulico (Lei 29/1985, do 2 de agosto).

Tarifa por dispoñibilidade da auga (Lei 29/1985, do 2 de agosto).

Canon por explotación de saltos de pé de presa (Real decreto 849/1986, do 11 de abril).

Taxas por prestación de servizos e realización de actividades na utilización do dominio público marítimo-terrestre (Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas).

Canon de ocupación e aproveitamento no dominio público marítimo-terrestre (Lei 22/1988, do 28 de xullo).

Prestación de servizos e execución de traballos por persoal facultativo (Decreto 502/1960, do 17 de marzo).

Dirección e administración de obras e traballos de conservación de solos (Decreto 2086/1960, do 27 de outubro).

Taxa por prestación de servizos meteorolóxicos (Lei 13/1996, do 30 de decembro).

Taxa por traballos do servizo xeolóxico (Decreto 143/1960, do 4 de febreiro).

Tarifa de augas trasvasadas do Texo (Lei 52/1980, artigo 7).

Tarifa de conducción de augas por infraestrutura trasvase (Lei 52/1980, artigo 10).

Taxa por gastos e remuneracións en dirección e inspección de obras (Decreto 137/1960, do 4 de febreiro).

Taxa por explotación de obras e servizos (Decreto 138/1960, do 4 de febreiro).

Taxa por redacción de proxectos, confrontación e taxación de obras e proxectos (Decreto 139/1960, do 4 de febreiro).

Taxa por informes e outras actuacións (Decreto 140/1960, do 4 de febreiro).

7. Ministerio de Educación e Cultura:

Taxa por expedición de títulos, certificacións e diplomas académicos, docentes e profesionais (Decreto 1639/1959, do 23 de setembro).

Taxa por exame e expedición de certificados de cualificación de películas cinematográficas e demais obras audiovisuais (Lei 13/1996, do 30 de decembro).

Autorización para a exportación de bens do patrimonio artístico español (Lei 13/1985, do 25 de xuño).

Taxas por servizos de lectura, investigación, certificacións, copias e reproducións de documentos impresos en arquivos e bibliotecas (Decreto 1452/1959, do 23 de setembro).

Taxa por servizos prestados polo Rexistro da Propiedade Intelectual (Lei 66/1997, do 30 de decembro).

8. Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais:

Recarga para gastos de administración do servizo de traballos portuarios (Decreto 2015/1959, do 12 de novembro).

Tarxetas de identidade profesional para traballadores estranxeiros (Lei 29/1968, do 20 de xuño).

Taxa por participación en probas oficiais para a obtención do certificado de profesionalidade (Lei 66/1997, do 30 de decembro).

9. Ministerio de Industria e Enerxía:

Taxas por servizos prestados polo Ministerio de Industria e Enerxía (Decreto 661 e 663/1960, do 31 de marzo).

Taxas en materia de patentes de invención e modelos de utilidade (Lei 11/1985, do 20 de marzo, de patentes).

Taxas por servizos prestados polo Rexistro da Propiedade Industrial en materia de protección xurídica das topografías dos produtos semicondutores (Lei 11/1988, do 3 de maio).

Taxas en materia de patentes (Tratado de Cooperación de Washington do 19 de xuño de 1970 e Real decreto 1123/1995, do 3 de xullo).

Taxas e exaccións das Cámaras Oficiais Mineiras (Decreto 660/1960, do 31 de marzo).

10. Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación:

Taxas por xestión técnico-facultativa dos servizos agronómicos (Decreto 496/1960, do 17 de marzo).

Taxas por prestación de servizos facultativos veterinarios (Decreto 497/1960, do 17 de marzo).

Taxa por inspeccións e controis veterinarios de animais vivos que se introduzan en territorio nacional procedentes de países non comunitarios (Lei 66/1997, do 30 de decembro).

Servizo Nacional de Reforma e Desenvolvemento Agrario (Decreto 2084/1960, do 27 de outubro, e Decreto 2085/1960, do 27 de outubro).

Recollida de algas e argazos (Decreto 312/1960, do 27 de febreiro).

Servizos facultativos en dirección e inspección de obras (Decreto 2164/1960, do 17 de novembro).

Taxas de protección de obtencións vexetais (Lei 12/1975, do 12 de marzo).

11. Ministerio de Sanidade e Consumo:

Taxa por servizos sanitarios (Decreto 474/1960, do 10 de marzo).

Taxa por vacinación de viaxeiros internacionais (Lei 13/1996, do 30 de decembro).

Taxas por controis de sanidade exterior realizados a carnes e produtos de orixe animal de países non comunitarios (Lei 13/1996, do 30 de decembro).

Taxa por notificación de substancias químicas novas (Lei 42/1994, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social).

Taxas por prestación de servicios e realización de actividades da Administración do Estado en materia de medicamentos (Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento).

12. Ministerio da Presidencia:

Taxas por prestación de servicios e realización de actividades do Consello de Seguridade Nuclear (Lei 15/1980, do 22 de abril).

Disposición derradeira segunda. *Modificación da contía das taxas.*

As leis de orzamentos xerais do Estado poderán modificarla contía das taxas incluídas nesta lei.

Disposición derradeira terceira. *Autorización ó Goberno.*

Autorízase o Goberno para dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación da presente lei.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Disposición derradeira quinta. *Publicación dos textos actualizados das taxas.*

O Ministerio de Economía e Facenda publicará anualmente os textos actualizados das taxas vixentes do Estado que fosen modificadas no último exercicio, incluíndo tódalas modificacións que se producisen desde a última publicación.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 13 de xullo de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

16715 LEI 26/1998, do 13 de xullo, pola que se modifica a Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial. («BOE» 167, do 14-7-1998.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial, e a Lei 3/1992, do 20 de marzo,

sobre medidas de corrección daquela, fixaron o ámbito territorial dos partidos xudiciais, relacionando, no seu anexo I, o municipio ou municipios integrantes de cada un deles.

O artigo 32.2 da Lei orgánica do poder xudicial dispón que a modificación de partidos se realizará, se é o caso, en función do número de asuntos, das características da poboación, dos medios de comunicación e das comarcas naturais.

O carácter turístico dalgúns municipios da Comunidade Autónoma de Canarias e da Comunidade Valenciana supuxo un aumento da súa poboación, o que se traduciu nun considerable incremento da súa litixiosidade.

Procede, en consecuencia, redefinir a demarcación xudicial das provincias de Santa Cruz de Tenerife e de Alacante e crear, en cada unha delas, un novo partido xudicial, cunha planta de dous xulgados de primeira instancia e instrucción, de acordo coas previsións legais establecidas no artigo 35 da dita Lei orgánica do Poder Xudicial, tidas en conta as propostas da Comunidade Autónoma de Canarias e da Comunidade Valenciana e logo de informe do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Artigo primeiro.

1. O anexo I da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial, queda modificado conforme o disposto neste artigo.

2. Incorpóranse os seguintes municipios ós partidos xudiciais que se expresan:

COMUNIDADE AUTÓNOMA DE CANARIAS

Provincia de Santa Cruz de Tenerife

Partido xudicial	Código municipio	Nome municipio
12	1	Adeje.
12	6	Arona.
12	19	Guía de Isora.
12	40	Santiago del Teide.

COMUNIDADE VALENCIANA

Provincia de Alacante

Partido xudicial	Código municipio	Nome municipio
13	34	Benijófar.
13	76	Guardamar del Segura.
13	903	Los Montesinos.
13	113	Rojales.
13	120	San Miguel de Salinas.
13	133	Torre Vieja.

3. Suprímense os seguintes municipios nos partidos xudiciais que se expresan:

COMUNIDADE AUTÓNOMA DE CANARIAS

Provincia de Santa Cruz de Tenerife

Partido xudicial	Código municipio	Nome municipio
1	1	Adeje.
1	6	Arona.
1	19	Guía de Isora.
5	40	Santiago del Teide.